



PROXECTO INTEGRADO DA NOVA ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

EXPROPIACIÓN COMPLEMENTARIA

ACCESO SUR Á ESTACIÓN INTERMODAL

RÚA DE CLARA CAMPOAMOR



SETEMBRO 2020

MEMORIA

1. Obxecto e xustificación da expropiación	3
2. Delimitación do ámbito territorial obxecto de expropiación.....	4
2.1. Actuacións municipais previas	4
2.2. Plano parcelario integrado e o plano de expropiación	7
2.3. Relación de parcelas afectadas e dos seus titulares	7
3. Descrición das parcelas afectadas pola expropiación.....	8
4. Cualificación urbanística dos terreos: O plan especial PE-10R	13
5. Valoración	16
5.1. Marco legal, metodoloxía e criterios de valoración.....	16
5.2. A situación básica dos terreos.....	17
5.3. Determinación dos valores unitarios	19
5.4. Valoración doutros bens	22
5.5. Indemnizacións	22

ANEXOS

ANEXO I. Acordos da Xunta de Goberno de data 1 de marzo e 9 de setembro de 2019, relativos á aprobación do Proxecto básico e executivo de reurbanización da rúa de Clara Campoamor e o seu modificado

ANEXO II. Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 5 de outubro de 2017 relativo á aprobación da Fase I do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de autobús e pasarela peonil de conexión – incluso praza Clara Campoamor)

ANEXO III. Acta de reinicio de obras da reurbanización da rúa de Clara Campoamor

PLANOS

1. SITUACIÓN
2. PLANO PARCELARIO INTEGRADO. Superposición do parcelario de orixe e actuacións municipais previas
3. PLANO PARCELARIO INTEGRADO. Superposición sobre base cartográfica e catastral actual
4. PLANO PARCELARIO INTEGRADO. Superposición sobre ortofoto e catastral actual
5. PLANO DE EXPROPIACIÓN. Delimitación do ámbito de expropiación e parcelas afectadas sobre cartografía
6. PLANO DE EXPROPIACIÓN. Delimitación do ámbito de expropiación e parcelas afectadas sobre ortofoto

MEMORIA

1. OBXECTO E XUSTIFICACIÓN DA EXPROPIACIÓN


O proxecto de expropiación ten por obxecto adquirir os bens e dereitos necesarios para executar o *Proxecto de reurbanización da rúa de Clara Campoamor*, que define o acceso sur á nova estación intermodal de Santiago.

O citado proxecto de obras, aprobado pola Xunta de Goberno con data 1.03.2019 e o seu modificado aprobado con data 9.09.2019, levan implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, de todos os bens e dereitos que resulte necesario ocupar para executar as obras proxectadas, de conformidade co disposto nos artigos 94 do Real decreto legislativo 781/1986 (TRRL), 10 da Lei de expropiación forzosa (LEF) e 11 do seu Regulamento (REF).

O solo afectado atópase incluído polo vixente Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) no ámbito do nomeado Plan especial PE-10R, como se explica no apartado 4 deste documento, coa cualificación de sistema xeral (artigo 93 da normativa do PXOM).

No ámbito do citado Plan especial aprobouse, por Decreto do Consello da Xunta de Galicia de data 5.10.2017, e ao abeiro do previsto na Lei 3/2016 de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese, o *Proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela*, promovido pola Dirección Xeral de Mobilidade da Consellería de Infraestruturas e Vivenda. O Concello de Santiago asumiu a encomenda de poñer a disposición da Xunta os terreos necesarios para executar a primeira fase do proxecto, para o que aprobou o correspondente proxecto de expropiación (EXP/16/2017).

Boa parte dos terreos situados ao sur da futura estación de autobuses, e ao oeste da actual rúa de Clara Campoamor, necesarios para a axeitada integración urbana da futura estación intermodal constan en Catastro como viario público existente (zona marcada na imaxe cun círculo azul), polo que o *Proxecto integrado da nova estación intermodal*, non contemplaba a necesidade da súa obtención.



Porén, aínda que no Catastro non constase a existencia de parcelas privadas nesta zona, a investigación parcelaria levada a cabo para elaborar o Proxecto de expropiación da Estación intermodal, puxo de manifesto a existencia de porcións residuais, de pequena extensión, das que non constaba a súa efectiva adquisición pola administración municipal. No apartado seguinte faise un pequeno resumo desta investigación.

Unha parte destes terreos, incluídos no ámbito delimitado para a execución da FASE I do Proxecto da estación intermodal incorporáronse ao expediente de expropiación elaborado polo Concello para a execución desta fase (EXP/16/2017) e foron xa ocupados polo procedemento de urxencia con data 18.07.2018.

Queda pendente de regularizar a obtención doutra pequena porción residual situada ao sur do ámbito da expropiación anterior, que resulta necesaria para executar o proxecto municipal de Reurbanización da rúa de Clara Campoamor, cuxo obxecto é transformar a antiga variante da estrada nacional nunha vía de carácter urbano, capaz de dotar dun axeitado acceso polo sur á nova estación intermodal.

A dita porción de solo -contigua á actual rúa de Clara Campoamor e sita na súa beira oeste- de pequena extensión e pendente de obtención, é o obxecto da presente expropiación complementaria.

2. DELIMITACIÓN DO ÁMBITO TERRITORIAL OBXECTO DE EXPROPIACIÓN

O ámbito obxecto desta expropiación é o que se reflicte nos planos número 5 e 6. Ten unha superficie total de 156,67 m², distribuída en catro parcelas, que son os restos dos predios matrices afectados por anteriores procedementos de expropiación e de reparcelación tramitados polo Concello de Santiago.

Para a súa delimitación e a correcta asignación de superficies e titularidades foi preciso analizar as distintas actuacións municipais que, con carácter previo ao presente documento, se levaron a cabo na zona en distintos momentos, e reconstruír o parcelario orixinal, xa que non é posible hoxe, sobre o terreo, identificar ou delimitar os restos de fincas dos que estamos a falar.

2.1. Actuacións municipais previas


- A unidade de actuación UA-14-15-17-18-19 do PERI-7 de Ponte Pedriña

A execución desta unidade de actuación do PERI-7, que se levou a cabo en desenvolvemento do PXOU anterior, supuxo a urbanización do borde oeste do barrio de Ponte Pedriña-Estación, e configurou a zona de contacto entre a cidade consolidada e a zona natural das Brañas do Sar, preservada da urbanización ata a actualidade.

O proxecto de delimitación da citada unidade de actuación contén un plano parcelario que representa a situación de orixe das parcelas antes da súa urbanización.

Ese plano parcelario, que definía parcelas completas, amosa unha imaxe bastante fiable de cómo era a base parcelaria do ámbito afectado antes do desenvolvemento da propia unidade de actuación e da creación do vial Sar-Ponte Pedriña, hoxe rúa de Clara Campoamor.

O plano base parcelario da unidade de actuación da que estamos a falar móstrase nas imaxes seguintes. Nelas pode apreciarse superposto o trazado do futuro vial



A liña de delimitación recollida neste plano define o linde do solo urbano do antigo PERI-7, que se corresponde co ámbito do Estudo de detalle do polígono 14-15-17-18-19, aprobado con data 28.11.2002, e o proxecto de reparcelación correspondente a este ámbito.



- O proxecto de expropiación do vial Sar-Ponte Pedriña e expedientes complementarios

O Ministerio de Fomento aprobou o trazado da *nova variante entre a Avenida de Lugo (N-550) e Ponte Pedriña (N-525) no ámbito do PE-11, no núcleo de Santiago de Compostela*, coñecida como vial Sar-Ponte Pedriña (na actualidade rúa de Clara Campoamor), asumindo o Concello o compromiso da obter os terreos necesarios para a súa execución e posterior ampliación. A obtención dos terreos necesarios levouse a cabo en distintas fases, entre os anos 2002 e 2005, para o que se tramitaron distintos proxectos e expedientes urbanísticos. Os planos parcelarios utilizados para a elaboración do proxecto de expropiación permiten reconstruír a situación parcelaria de orixe, antes da execución da variante.

O plano base utilizado para a expropiación da variante Sar-Ponte Pedriña, que recolle tamén os terreos necesarios para a ampliación da súa sección transversal polo sur é o que se recolle na seguinte imaxe, extraído do proxecto de expropiación da ampliación da variante:



A superposición e análise dos planos parcelarios correspondentes á reparcelación do polígono 14-15-17-18-19 do PERI-7 -aprobada definitivamente o 16.12.2002- e as expropiacións tramitadas polo Concello de Santiago entre o anos 2002 e 2005 para executar a variante Sar-Ponte Pedriña puxo de manifesto a existencia de certos desaxustes entre a configuración parcelaria que se incorporou ao Catastro é a que resulta das actuacións realizadas.

Así, compróbase a existencia de restos de pequena extensión das fincas matrices, resultantes das segregacións efectuadas no marco dos citados expedientes urbanísticos, das que non consta a súa efectiva adquisición pola administración municipal, a pesares de que no Catastro figuran como xa incorporadas ao sistema viario público. Do mesmo xeito, compróbase a existencia de pequenas porcións das parcelas catastrais situadas ao leste da actual rúa de Clara Campoamor que si foron obtidas nas expropiacións realizadas, e que, polo tanto, xa son de titularidade municipal. Cómpre polo tanto regularizar esta situación no Catastro.

- O Proxecto de expropiación da estación intermodal, FASE 1 (EXP/16/2017)

Como resultado desta investigación parcelaria, o proxecto de expropiación municipal para a execución da primeira fase do Proxecto integrado da estación intermodal -aprobado polo Pleno Municipal o 15.02.2018 e modificado por un acordo posterior de 10.04.2019- xa incluíu parte dos terreos situados ao oeste da rúa de Clara Campoamor que figuraban no Catastro como viario existente. Estes terreos, respecto dos que non constaba a súa efectiva obtención polo Concello, incluíronse no citado proxecto de expropiación como parcelas de titularidade privada, a adquirir polo Concello, cos números 9, 11, 12, 13, 14 e 15 do citado expediente.

2.2. Plano parcelario integrado e o plano de expropiación

A partir do conxunto de información analizada e da adaptación gráfica a unha base cartográfica común, reconstrúese o plano parcelario de orixe, no que se pode apreciar no seu conxunto a base parcelaria preexistente e como resultou afectada polas distintas expropiacións levadas a cabo nesta zona. No plano 2 do proxecto móstrase dita información.

Unha vez definida con precisión esta base parcelaria, pode determinarse as parcelas ou porcións de parcelas que foron obténdose nos distintos expedientes urbanísticos, e polo tanto, aquelas porcións das que non consta a súa efectiva adquisición. Estas porcións son as que se recollen nos planos 5 e 6 do proxecto, que definen o ámbito da expropiación.

Debe terse en conta que as bases parcelarias utilizadas nos distintos expedientes foron diferentes, e en distintas épocas, polo que foi necesario efectuar un laborioso traballo de axuste para obter un plano parcelario integrado. É posible, polo tanto, que nalgún caso exista unha pequena diferenza entre as superficies computadas en cada expediente e as que resultan da medición real sobre plano, que non son, en ningún caso, significativas.

2.3. Relación de parcelas afectadas e dos seus titulares

As parcelas pendentes de obtención, de acordo coa investigación realizada, son as que se relacionan a continuación.

Para facilitar a súa identificación, numéranse de xeito correlativo ás que foron incluídas na expropiación para a execución da primeira fase da estación intermodal (EXP/16/2017), e indícase a súa correlación coa numeración das fincas das que proceden, de acordo coa numeración que figura nos anteriores expedientes (Proxecto de reparcelación da UA-14-15-17-18-19 do PERI-7, e Expropiacións para a execución da variante de Sar-Ponte Pedriña)

Nº PARCELA	Correlación na Expropiación do vial Sar-Ponte Pedriña	Correlación no Proxecto de reparcelación da UA 14-15-17-18-19	TITULARES
16	7	1-185	JOSE MARIÑO CODESIDO E JOAQUINA RIVEIRO VICENTE
17	8	1-184	RICARDO E CARMEN HORTAS IGLESIAS
18	9	1-183	JOSÉ MARIÑO CODESIDO E JOAQUINA RIVEIRO VICENTE
19	10	1-182	ANTONIO, JOSEFINA e MANUEL QUINTÁNS BARROSO MARIA MERCEDES e MARÍA LUISA QUINTÁNS RIEIRO

De acordo co plano parcelario reconstruído, ao sur deste ámbito existiría outra pequena porción, que foi adquirida polo Concello, co carácter de sistema xeral (PU-8), no desenvolvemento do SUP-7 (Ponte Pedriña), executado a través do sistema de expropiación.

Examinado o expediente de expropiación do SUP-7, comprobouse que a parcela de referencia resultou adquirida por expropiación na súa totalidade (parcela 1 do plano parcelario do proxecto de expropiación), formando parte das parcelas dotacionais de titularidade municipal, razón pola que non procede a súa inclusión no presente documento.

3. DESCRICIÓN DAS PARCELAS AFECTADAS POLA EXPROPIACIÓN

De seguido descríbense as parcelas afectadas pola presente expropiación, que se identifican co número sinalado en planos, indicando entre parénteses a referencia ao número de parcela da Expropiación da Variante Sar-Ponte Pedriña, da que son restos.

PARCELA 16 (7)	
SUPERFICIE OBXECTO DE EXPROPIACIÓN: 32,58 m²	LINDES: Norte :Parcela 15 Proxecto EXP/16/2017 (Hdos de Santiago Mariño Fraga) Sur: Parcela 16 deste proxecto Leste: Rúa de Clara Campoamor Oeste: Parcela resultante número 9, cedida ao Concello de Santiago na Reparcelación da UA 14-15-17-18-19 do PERI-7
TITULARES:	JOSE MARIÑO CODESIDO E JOAQUINA RIVEIRO VICENTE
DESCRIPCIÓN: É o resto de predio que quedou logo da segregación das seguintes porcións sobre a finca matriz: - Porción de 93,14 m², achegada á Reparcelación do polígono 14-15-17-18-19 do PERI-7 (parcela 1-185), segundo consta no proxecto aprobado definitivamente pola Comisión de Goberno o 16.12.2002 - Porción de 78 m², afectada pola Expropiación da variante Sar-Ponte Pedriña 1ª fase (parcela 7), segundo consta na acta de ocupación formalizada o día 3.02.2003 - Porción de 21 m², afectada polo expediente complementario da expropiación da Variante Sar-Ponte Pedriña (parcela 7 Co), segundo consta na acta de ocupación formalizada o día 21.07.2005 Porén, no Rexistro da Propiedade nº 1 figura inscrita como finca rexistral 5439, coa superficie de 412,86 m², ao non ter accedido aínda ao Rexistro as segregacións das porcións b) e c) <u>Superficie afectada pola presente expropiación e descrición do resto de predio matriz</u> A superficie afectada pola presente expropiación é de 32,58 m², quedando polo tanto un resto de predio matriz, ao leste da rúa de Clara Campoamor, de 239,83 m², segundo medición realizada sobre o parcelario catastral. Ao non ter accedido ao Rexistro da Propiedade as segregacións resultantes dos expedientes de expropiación da Variante Sar-Ponte Pedriña (parcelas 7 e 7Co), procédese a describir o resto de finca matriz non afectado pola presente expropiación como deseguido se indica: Resto de finca matriz, cunha superficie de 338,8 m², integrada por dúas subparcelas: - Porcións incluídas nos proxectos de expropiación da Variante Sar-Ponte Pedriña (1ª fase e complementario), cunhas superficies de 78 e 21 m², respectivamente (parcelas 7 e 7Co), que constan xa ocupadas pola citada variante (actual rúa de Clara Campoamor). - Resto de predio non afectado polas citadas expropiacións, situado ao leste da rúa de Clara Campoamor, cunha superficie de 239,83 m². No Catastro figura coa referencia 15079A020001860000GD .	


PARCELA 17 (8)	
SUPERFICIE OBJETO DE EXPROPIACIÓN:	LINDES:
30,71 m²	Norte : Parcela 16 (de José Mariño Codesido) Sur: Parcela 18 (de José Mariño Codesido) Leste: Rúa de Clara Campoamor Oeste: Parcela resultante número 9, cedida ao Concello de Santiago na Reparcelación da UA 14-15-17-18-19 do PERI-7
TITULARES:	RICARDO E CARMEN HORTAS IGLESIAS
DESCRIPCIÓN: É o resto de predio que quedou logo da segregación das seguintes porcións sobre a finca matriz: a) Porción de 80,25 m², achegada á Reparcelación do polígono 14-15-17-18-19 do PERI-7 (parcela 1-184), segundo consta no proxecto aprobado definitivamente o 16.12.2002. b) Porción de 89 m², afectada pola Expropiación da variante Sar-Ponte Pedriña 1ª fase (parcela 8), segundo consta na acta de ocupación formalizada o día 18.12.2002 c) Porción de 23 m², afectada polo expediente complementario da expropiación da Variante Sar Ponte Pedriña (parcela 8 Co), segundo consta na acta de ocupación formalizada o día 12.07.2005 A finca matriz, nomeada labradío Loureiros, cunha superficie de 458 m², fora adxudicada aos herdeiros de don RICARDO HORTAS ESTEVEZ e dona CARMEN IGLESIAS VITES en escritura de adxudicación autorizada polo notario Reigada Montoto no ano 2000, número 3.676 do seu protocolo. A resultas da segregación da porción achegada á reparcelación (1-184), que foi vendida a Metrovacesa de Viviendas en escritura outorgada polos Sres. HORTAS IGLESIAS perante o notario Gutiérrez Aller con data 3.04.2001, número 641 do seu protocolo, o resto de predio matriz quedou coa superficie de 377,75 m². <u>Superficie afectada pola presente expropiación e descrición do resto de predio matriz</u> Da superficie restante, non afectada polas citadas expropiacións e reparcelación, resultan incluídos no presente proxecto de expropiación 30,71 m², quedando por tanto un resto de predio matriz, ao leste da rúa de Clara Campo Amor de 197,09 m², segundo medición realizada sobre o parcelario catastral. Ao non constar inscrito o predio matriz no Rexistro da Propiedade, nin ter accedido ao Rexistro da Propiedade as adquisicións realizadas polo Concello a medio dos precitados expedientes de expropiación (parcelas 8 e 8Co), procédese a describir o resto de finca matriz non afectado pola presente expropiación como deseguido se indica: Resto de finca matriz, cunha superficie de 309,1 m², integrada por dúas subparcelas: 1) Porcións adquiridas polo Concello de Santiago nos proxectos de expropiación da Variante Sar-Ponte Pedriña (1ª fase e complementario), cunhas superficies de 89 e 23 m², respectivamente (parcelas 8 e 8Co) 2) Resto de predio non afectado polas citadas expropiacións, cunha superficie de 197,09 m², sito ao leste da rúa de Clara Campoamor, que se corresponde coa parcela catastral 15079A020001850000GR.	

PARCELA 18 (9)	
SUPERFICIE OBJETO DE EXPROPIACIÓN: 32,20 m²	LINDES: Norte : Parcela 17 (de Ricardo e Carmen Hortas Iglesias) Sur: Parcela 19 (dos Quintáns Barroso e Quintáns Rieiro) Leste: Rúa de Clara Campoamor Oeste: Parcela resultante número 9, cedida ao Concello de Santiago na Reparcelación da UA 14-15-17-18-19 do PERI-7
TITULARES: JOSE MARIÑO CODESIDO E JOAQUINA RIVEIRO VICENTE	
DESCRIPCIÓN: É o resto de predio que quedou logo da segregación das seguintes porcións sobre a finca matriz: - Porción de 104,79 m², achegada á Reparcelación do polígono 14-15-17-18-19 do PERI-7 (parcela 1-183), segundo consta no proxecto aprobado definitivamente o 16.12.2002. - Porción de 98 m², afectada pola Expropiación da variante Sar-Ponte Pedriña 1ª fase (parcela 9), segundo consta na acta de ocupación formalizada o día 3.02.2003 - Porción de 21 m², afectada polo expediente complementario da expropiación da Variante Sar Ponte Pedriña (parcela 9 Co), segundo consta na acta de ocupación formalizada o día 21.07.2005. Porén, no Rexistro da Propiedade nº 1 figura inscrita como finca rexistral 5401, coa superficie de 379,21. m², ao non ter accedido aínda ao Rexistro as segregacións das porcións b) e c) <u>Superficie afectada pola presente expropiación e descrición do resto de predio matriz</u> A superficie afectada pola presente expropiación é de 32,20 m², quedando por tanto un resto de predio matriz, ao leste da rúa de Clara Campoamor, de 255,56 m², segundo medición realizada sobre o parcelario catastral. Ao non ter accedido ao Rexistro da Propiedade as segregacións das porcións a) e b) (parcelas 9 e 9Co da Expropiación Variante Sar-Pontepdriña), procédese a describir o resto de finca matriz non afectado pola presente expropiación como deseguido se indica: Resto de finca matriz, cunha superficie de 374,6 m², integrada por dúas subparcelas: - Porcións ocupadas nos proxectos de expropiación da Variante Sar-Ponte Pedriña (1ª fase e complementario), cunhas superficies de 98 e 21 m², respectivamente (parcelas 9 e 9Co), que constan xa ocupadas pola citada variante (rúa de Clara Campoamor). - Resto de predio non afectado polas citadas expropiacións, cunha superficie de 255,56 m², sito ao leste da rúa de Clara Campoamor, que se corresponde coa parcela catastral 15079A020001840000GK.	


PARCELA 19 (10)	
SUPERFICIE OBJETO DE EXPROPIACIÓN: 61,18 m²	LINEDES: Norte : Parcela 18 (de José Mariño Codesido) Sur: Espazo público municipal Leste: Rúa de Clara Campoamor Oeste: Parcela resultante número 9, cedida ao Concello de Santiago na Reparcelación da UA 14-15-17-18-19 do PERI-7
TITULARES:	ANTONIO, JOSEFA e MANUEL QUINTÁNS BARROSO MARIA MERCEDES e MARIA LUISA QUINTÁNS RIEIRO
DESCRIPCIÓN: É o resto de predio que quedou logo da segregación das seguintes porcións sobre a finca matriz: - Porción de 217,28 m², achegada á Reparcelación do polígono 14-15-17-18-19 do PERI-7 (parcela 1-182), segundo consta no proxecto aprobado definitivamente o 16.12.2002. - Porción de 286 m², afectada pola Expropiación da variante Sar-Ponte Pedriña 1ª fase (parcela 10), segundo consta na acta de ocupación formalizada o día 18.12.2002. - Porción de 78 m², afectada polo Expediente complementario da expropiación da Variante Sar Ponte Pedriña (parcela 10 Co), segundo consta na acta de ocupación formalizada o día 22.07.2005. A finca matriz, nomeada Loureiros de Arriba, cunha superficie de 1.079 m², consta adxudicada aos titulares citados, por iguais e quintas partes indivisas, na escritura de protocolización das operacións particionais da herdanza de dona MERCEDES QUINTÁNS ALDREY, autorizada polo notario Reigada Montoto no ano 1999, número 1.506 do seu protocolo: - ANTONIO QUINTÁNS BARROSO (cupo nº 2). - JOSEFINA QUINTÁNS BARROSO (cupo nº 3) - MANUEL QUINTÁNS BARROSO (cupo nº 4) - MARIA MERCEDES QUINTÁNS RIEIRO (cupo nº 5) - MARÍA LUISA QUINTÁNS RIEIRO (cupo nº 6) <u>Superficie afectada pola presente expropiación e descrición do resto de predio matriz</u> Da superficie restante, non afectada polas citadas expropiacións e reparcelación resultan incluídos no presente proxecto de expropiación 61,18 m², quedando por tanto un resto de predio matriz de 623,52 m², segundo medición realizada sobre o parcelario catastral. Ao non constar inscrito o predio matriz no Rexistro da Propiedade, nin ter accedido ao Rexistro da Propiedade as segregacións das porcións a) e b) (parcelas 10 e 10Co da expropiación da Variante Sar-Ponte Pedriña), procédese a describir o resto de finca matriz non afectado pola presente expropiación como deseguido se indica: Resto de finca matriz, cunha superficie de 1.039 m², integrada por dúas subparcelas: - Porcións adquiridas polo Concello de Santiago nos proxectos de expropiación da Variante Sar-Ponte Pedriña (1ª fase e complementario), cunhas superficies de 286 e 78 m², respectivamente (parcelas 10 e 10Co) - Resto de predio non afectado polas citadas expropiacións, cunha superficie de 623,52 m², sito ao leste da rúa de Clara Campoamor, que se corresponde coa parcela catastral 15079A020007630000GX.	

4. CUALIFICACIÓN URBANÍSTICA DOS TERREOS: O PLAN ESPECIAL PE-10R

A ordenación urbanística da zona que nos ocupa está recollida na folia J28 do tomo III do PXOM vixente, que se mostra a continuación.



Na imaxe seguinte móstranse máis en detalle as liñas de delimitación dos distintos ámbitos, tal e como están recollidas no PXOM vixente.




Como se pode observar, no ámbito obxecto de estudo, grafitanse varias liñas diferentes para evitar a superposición da información, pero na realidade as ditas liñas representan unha única delimitación. Dada a pouca precisión que achega esta grafía, cómpre indicar os criterios seguidos para establecer sobre o plano de traballo a delimitación dos distintos ámbitos de planeamento, e do propio ámbito das expropiacións.

Delimitación precisa do linde oeste da zona a expropiar:

É a zona que se corresponde co solo urbano, cualificado hoxe polo PXOM vixente como ordenanza 3A. Para a súa delimitación o PXOM remítenos ao ED UA 14 a 19 AD 28-11-02.

É dicir, o límite do solo urbano nesta zona é o que resulta da delimitación do Estudo de detalle no ámbito da unidade de actuación 14-15-17-18-19, aprobada definitivamente con data 28 de novembro de 2002.

O citado estudo de detalle, realizado no seu día en desenvolvemento do PERI-7 de Ponte Pedriña, previsto no anterior Plan xeral e o seu correspondente proxecto de reparcelación, son, polo tanto, os que definen o linde oeste dos terreos.



Delimitación precisa do linde leste da zona a expropiar:

Para a definición do linde leste, o PXOM grafito o espazo correspondente a variante Sar-Ponte Pedriña (cualificada como ordenanza 18, de solo rústico de protección de infraestruturas) e a continuación, o ámbito do PE-3R, das Brañas do Sar.

Delimitación precisa do linde sur da zona a expropiar:


A zona sur linda co sistema xeral do PU-8, adscrito ao desenvolvemento do Plan parcial do SUP-7, aprobado definitivamente con data 30 de xuño de 2003.

Todos os ámbitos de planeamento mencionados foron xa desenvolvidos polo que contan con proxectos de delimitación realizados sobre unha base cartográfica de escala máis precisa que a propia do Plan xeral.

A delimitación precisa dos distintos ámbitos de planeamento é, polo tanto, a que resulta de traspoñer sobre unha base cartográfica común e actualizada, os lindes dos distintos ámbitos de planeamento xa desenvolvidos, de acordo coas súas delimitacións aprobadas.

Os terreos situados entre estes limites, están incluídos, de acordo co PXOM vixente, dentro do ámbito do PE-10R, aínda sen desenvolver.

O resultado desta transposición é a que se recolle no plano seguinte, que define, coa precisión axeitada os lindes da zona obxecto de expropiación en relación cos ámbitos de planeamento.



5. VALORACIÓN

5.1. Marco legal, metodoloxía e criterios de valoración

O Real decreto legislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana (TRLSRU) indica, no seu artigo 34, que serán de aplicación os preceptos contidos nesta lei para a fixación do prezo xusto na expropiación, calquera que sexa a súa finalidade ou a lexislación que a motive.

A valoración efectúase, polo tanto, no marco legal establecido polo TRLSRU e o seu Regulamento de valoracións (RV) aprobado por Real Decreto 1492/2011, do 24 de outubro.

O artigo 35.2 do TRLSRU indica que o solo se taxará atendendo a súa situación, con independencia da causa da valoración ou do instrumento legal que a motive. Este criterio será tamén de aplicación aos solos destinados a infraestruturas e servizos públicos de interese xeral supramunicipal, tanto si estiveran previstos pola ordenación territorial e urbanística como si foran de nova creación, cuxa valoración determinarase segundo da situación básica dos terreos en que se sitúan ou polos que discorren, de conformidade co disposto na lei.

As situacións básicas nas que poden estar os terreos defínense no artigo 21 da propia Lei :

Artigo 21. Situacións básicas do solo

1. *Todo o solo se encontra, para os efectos desta lei, nunha das situacións básicas de solo rural ou de solo urbanizado.*
2. *Está na situación de solo rural:*
 - a) *En todo caso, o solo preservado pola ordenación territorial e urbanística da súa transformación mediante a urbanización, que deberá incluír, como mínimo, os terreos excluídos da dita transformación pola lexislación de protección ou policía do dominio público, da natureza ou do patrimonio cultural, os que deban quedar suxeitos a tal protección conforme a ordenación territorial e urbanística polos valores neles concorrentes, mesmo os ecolóxicos, agrícolas, gandeiros, forestais e paisaxísticos, así como aqueles con riscos naturais ou tecnolóxicos, incluídos os de inundación ou doutros accidentes graves, e cantos outros prevexa a lexislación de ordenación territorial ou urbanística.*
 - b) *O solo para o cal os instrumentos de ordenación territorial e urbanística prevexan ou permitan o seu paso á situación de solo urbanizado, até que remate a correspondente actuación de urbanización, e calquera outro que non reúna os requisitos a que se refire o número seguinte.*
3. *Encóntrase na situación de solo urbanizado o que, estando legalmente integrado nunha malla urbana conformada por unha rede de vías, dotacións e parcelas propia do núcleo ou asentamento de poboación de que forme parte, cumpra algunha das seguintes condicións:*
 - a) *Ter sido urbanizado en execución do correspondente instrumento de ordenación.*

- b) *Ter instaladas e operativas, conforme o establecido na lexislación urbanística aplicable, as infraestruturas e os servizos necesarios, mediante a súa conexión en rede, para satisfacer a demanda dos usos e edificacións existentes ou previstos pola ordenación urbanística ou poder chegar a contar con eles sen outras obras que as de conexión coas instalacións preexistentes. O feito de que o solo sexa estremeiro con estradas de circunvalación ou con vías de comunicación interurbanas non comportará, por si mesmo, a súa consideración como solo urbanizado.*
 - c) *Estar ocupado pola edificación, na porcentaxe dos espazos aptos para ela que determine a lexislación de ordenación territorial ou urbanística, segundo a ordenación proposta polo instrumento de planificación correspondente.*
4. *Tamén se encontra na situación de solo urbanizado o incluído nos núcleos rurais tradicionais legalmente asentados no medio rural, sempre que a lexislación de ordenación territorial e urbanística lles atribúa a condición de solo urbano ou asimilada e cando, de conformidade con ela, contén coas dotacións, infraestruturas e servizos requiridos para o efecto.*

5.2. A situación básica dos terreos

Para a valoración dos terreos, de acordo co marco legal vixente debe prescindirse, polo tanto, da súa clasificación ou cualificación urbanística e atender a súa situación básica no momento da actuación.

Na imaxe seguinte móstrase o ámbito no que se sitúan os terreos obxecto de valoración e a liña que representaría o límite do Proxecto de reparcelación da UA 14-15-17-18-19:



Os terreos obxecto de expropiación, situados ao sur dos integrados no Proxecto de expropiación EXP/16/2017 constitúen hoxe un enclave entre o borde leste do barrio de Ponte Pedriña, e a rúa de Clara Campoamor.

Son, maioritariamente, restos das parcelas longas e estreitas que resultaron fraccionadas precisamente pola execución da variante Sar-Ponte Pedriña da N-525, que se superpuxo sobre o parcelario agrario das Brañas do Sar.

Na secuencia de imaxes seguinte (fotos aéreas dos anos 1946, 1956, 2001 e 2006) pode verse a zona en estudo ao longo do tempo e a forma na que as distintas actuacións transformaron ou non o substrato parcelario orixinal.



A liña de contacto entre a trama urbana da cidade e a zona protexida das Brañas de Sar quedou fixada na liña do Proxecto de reparcelación da UA 14-19 no borde oeste do PERI-7, de Ponte Pedriña. Os terreos obxecto de expropiación non foron incorporados no seu día ao ámbito da citada unidade de actuación do PERI-7, polo que formaban parte do conxunto do solo protexido das Brañas do Sar. A posterior execución do vial Sar- Ponte Pedriña non os integrou na malla urbana, na medida que a dita rúa non ten carácter de vía urbana (carece de servizos) senón de estrada convencional, superposta, sen intención urbanizadora, sobre a parcelación agraria orixinal.

Enténdese, polo tanto, que os terreos descritos, pese a estar en contacto con terreos urbanizados, non poden ser considerados nesta situación básica, polo que se valorarán considerando que se atopan en situación básica de solo rural.

5.3. Determinación dos valores unitarios

De acordo co artigo 36 do TRLSRU os terreos en situación básica de solo rural taxaranse mediante a capitalización da renda anual real ou potencial -a que sexa superior- da explotación, segundo o seu estado no momento ao que deba referirse a valoración.

No caso que nos ocupa non existe no momento actual unha explotación activa polo que haberá de calcularse a renda potencial, atendendo ao rendemento do uso, disfrute ou explotación de que sexan susceptibles os terreos conforme á lexislación que lles sexa de aplicación, utilizando os medios normais para a súa produción.

De acordo co previsto no artigo 11.b do RV o valor dos terreos determinarase coa expresión:

$$V = R/r$$

Onde:

V = Valor de capitalización, en €

R = Renda anual constante, en €

r = Tipo de capitalización

No artigo 9 do RV establécese a forma de cálculo da renda da explotación, ben sexa a partir do análise dos ingresos e gastos da explotación ($R = I - C$) ou, cando non se poida determinar a renda de acordo coa fórmula anterior, a partir do canon de arrendamento ($R = CA + DM$)

No citado artigo indícase ademais que se considerará preferente a información procedente de estudos e publicacións realizadas polas administracións públicas competentes na materia sobre rendementos, prezos e custes, así como as demais variables técnico-económicas da zona.

- Determinación da renda anual (R)

Óptase pola determinación da renda a partir do canon de arrendamento, xa que existen publicacións periódicas oficias que recollen este valor, a partir de datos estatísticos fiables, para os distintos cultivos e zonas.

A renda potencial obteríase da seguinte expresión:

$$R = CA + DM$$

Onde:

R = Renda anual real ou potencial en €/Ha

CA = Canon de arrendamento ou compensación anual satisfeitos ao propietario polo uso da terra, en €/Ha

DM = Valor anual dos dereitos e melloras atribuíbles ao propietario ou usuario do solo rural, en €/Ha

Non se consideran melloras atribuíbles ao propietario que deban ser tidas en conta polo que a renda a considerar será o propio canon.

O valor C_A obtense da última estatística publicada polo Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente correspondente a *Canons de arrendamentos rústicos*. Tómase o valor correspondente a pradarío de secano, anejo 1.E1

ANEJO 1.E1
CANON DE ARRENDAMIENTO MEDIO DE LOS PRADOS NATURALES DE SECAÑO POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS (€/ha)

CC.AA.	2009	2010	2011	2012	2013	2014	2015
GALICIA	165	167	162	166	163	158	153
P. DE ASTURIAS	158	153	153	153	153	200	178
CANTABRIA	141	164	222	166	204	207	227
PAÍS VASCO	175	182	195	223	174	172	181
NAVARRA	149	152	163	178	157	180	182
LA RIOJA	—	—	—	—	—	—	—
ARAGÓN	49	35	36	9	13	33,2	33,2
CATALUÑA	124	147	163	140	148	154	157
BALEARES	—	—	—	—	—	—	—
CASTILLA y LEÓN	98	97	98	99	95	92	92
MADRID	99	88	78	71	74	63	72
CASTILLA-LA MANCHA	37	58	48	31	37	30	32
C. VALENCIANA	—	—	—	—	—	—	—
R. DE MURCIA	—	—	—	—	—	—	—
EXTREMADURA	—	—	—	—	—	—	—
ANDALUCÍA	—	—	—	—	—	—	—
CANARIAS	—	—	—	—	—	—	—
ESPAÑA	124	128	139	130	131	140	141

Canon: 153 €/Ha

- Determinación da taxa de capitalización (r)

En aplicación do artigo 12 do RV, o tipo ou taxa de capitalización calcularase a partir do tipo xeral, que se denomina (r1)

O tipo xeral, de acordo co apartado 1 da disposición adicional 7ª do RDL 7/2015 será “o valor promedio dos datos anuais publicados polo Banco de España da rendibilidade das Obrigacións do estado a 30 anos, correspondentes aos tres anos anteriores á data a que deba entenderse referida a valoración”

	Datos anuales (mes de diciembre)			Datos mensuales						Datos semanales		Datos diarios							
	2017	2018	2019	Abr 20	May 20	Jun 20	Jul 20	Ago 20	Sep 20	Semana del 11-Sep-20	Semana del 18-Sep-20	11-Sep-20	14-Sep-20	15-Sep-20	16-Sep-20	17-Sep-20	18-Sep-20	21-Sep-20	
Mercados de deuda. Rentabilidades (precios de operaciones cruzadas)																			
Rentabilidad letras a 12 meses	-0,41	-0,32	-0,48	0,01	-0,23	-0,40	-0,45	-0,45	-0,45	-0,43	-0,45	-0,44	-0,44	-0,44	-0,45	-0,46	-0,46	-0,46	
Rentabilidad bonos a 3 años	-0,10	-0,03	-0,29	0,17	-0,10	-0,23	-0,32	-0,37	-0,39	-0,40	-0,39	-0,38	-0,40	-0,40	-0,42	-0,42	-0,29	-0,42	
Rentabilidad bonos a 5 años	0,31	0,43	-0,05	0,37	0,14	-0,06	-0,17	-0,20	-0,23	-0,23	-0,25	-0,22	-0,24	-0,24	-0,28	-0,29	-0,26	-0,24	
Rentabilidad obligaciones a 10 años	1,44	1,43	0,44	0,82	0,75	0,52	0,38	0,30	0,31	0,32	0,27	0,31	0,29	0,28	0,25	0,26	0,26	0,27	
Volatilidad histórica a 3 meses																			
de las obligaciones a 10 años	7,55	6,06	9,33	17,29	23,94	21,74	15,66	5,68	5,12	5,45	4,70	4,82	4,71	4,70	4,68	4,67	...	...	
Rentabilidad obligaciones a 15 años	1,90	1,95	0,71	1,16	1,08	0,87	0,71	0,62	0,64	0,66	0,61	0,65	0,63	0,59	0,61	0,59	0,59	0,61	
Rentabilidad obligaciones a 30 años	2,68	2,63	1,31	1,59	1,53	1,36	1,19	1,11	1,13	1,15	1,09	1,14	1,11	1,11	1,07	1,08	1,05	1,08	
Rentabilidad acumulada Deuda Pública	2,06	3,27	-	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	
Diferenciales a 10 años con el bono alemán (precios de referencia de REUTERS)																			
España	1,10	1,17	0,72	1,28	1,27	0,94	0,86	0,79	0,79	...	0,76	...	0,76	0,76	0,75	0,77	0,77	0,78	
Reino Unido	0,89	1,02	1,05	0,75	0,72	0,64	0,61	0,71	0,70	...	0,68	...	0,68	0,70	0,70	0,67	0,68	0,68	
Estados Unidos	2,07	2,62	2,14	1,08	1,17	1,13	1,08	1,13	1,15	...	1,16	...	1,15	1,17	1,16	1,16	1,17	1,18	
Tipo de interés a 10 años del bono alemán	0,35	0,26	-0,27	-0,43	-0,50	-0,40	-0,46	-0,45	-0,49	...	-0,50	...	-0,50	-0,49	-0,50	-0,51	-0,50	-0,52	
Expectativas de tipos de interés																			
Futuros bono 10 años primer vencimiento	143,98	143,07	151,83	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	
Mercado de renta fija privada en euros																			
Diferenciales de rentabilidad respecto a la deuda pública al mismo plazo																			
3 meses	1,16	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	
12 meses	1,23	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	
3 años	1,95	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	
10 años	1,74	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	...	

O promedio dos datos anuais correspondentes as tres anos anteriores á data de valoración (r1) será:

$$r1 = (2,68 + 2,63 + 1,31) = 2,206$$

$$r1 = 2,206 \%$$

De acordo co mesmo artigo 12 do RV, por tratarse de explotación agraria ou forestal o tipo de capitalización a considerar será o r2, obtido de aplicar ao tipo xeral (r1) un coeficiente corrector, establecido na táboa do Anexo I do Regulamento, segundo o tipo de aproveitamento.

De acordo con esta táboa, o coeficiente corrector aplicable ao tipo de cultivo considerado é 0,39.

Polo tanto, o tipo de capitalización a considerar, r2, será:

$$r2 = 2,206 \% \times 0,39 = 0,86 \%$$

- *Determinación do valor unitario (V)*

O valor unitario, en €/ha., será o que resulta da aplicación da fórmula seguinte:

$$V = R/r$$

Polo tanto:

$$V = 153/0,0086 = 17.790,69 \text{ €/ha}$$

- *Factor de corrección por localización (FI)*

De acordo co artigo 17 do RV, aplicase un factor de corrección por localización, FI, que considerará os tres factores de localización seguintes:

- a) Por accesibilidade a núcleos de poboación u_1
- b) Por accesibilidade a centros de actividade económica u_2
- c) Por emprazamento en contornos de singular valor ambiental ou paisaxístico u_3

O regulamento indica as expresións matemáticas que deben empregarse para calcular cada un dos factores e indica que en todo caso, a efectos do cálculo do factor global de localización, cando algún dos tres factores non resulte de aplicación tomarase como valor a unidade.

Dada a similitude deste ámbito co que foi obxecto da expropiación EXP/16/2017, tomaranse o mesmo factor de corrección por localización que o empregado neste expediente.

O factor global FI resultante, será, polo tanto, o seguinte:

$$FI = u_1 \times u_2 \times u_3 = 1,22 \times 1,6 \times 1,6 = 3,12$$

O valor final, corrixido será, polo tanto:

$$Vf = V \times FI$$

$$Vf = 17.790,69 \text{ €/Ha} \times 3,12 = 55.506,95 \text{ €/Ha} = 5,55 \text{ €/m}^2 \text{ solo}$$

$VU = 5,55 \text{ €/M}^2$

Este valor unitario aplicarase a superficie das respectivas parcelas. O valor resultante incrementarse nun 5% correspondente ao premio de afección.

5.4. Valoración doutros bens

Non consta a existencia nas parcelas obxecto de valoración doutros bens distintos do solo que deben ser valorados.

5.5. Indemnizacións

Os terreos necesarios para facer as obras de reurbanización da rúa de Clara Campoamor, como dixemos, figuran en Catastro como viario, de titularidade municipal, motivo polo que o proxecto aprobado pola Xunta de Goberno non considerou a necesidade da súa obtención.

No acta de replanteo previo do proxecto, de data 20 de maio de 2019, se fai constar expresamente que comprobada a realidade xeométrica da obra e a dispoñibilidade dos terreos considérase viable a execución das obras.

Os terreos obxecto deste proxecto de expropiación foron, polo tanto, xa ocupados polo Concello de Santiago de Compostela no proceso de execución material das obras de reurbanización da rúa de Clara Campoamor.

A data de ocupación que se considera é a que consta na acta de reinicio de obras, de data 20 de abril de 2020, que se achega como anexo. Na propia acta indícase que non se tiña levado a cabo ningunha actuación previa no ámbito, agás a acta de replanteo de data 13 de marzo, e a posterior paralización das obras a causa da pandemia.

En consecuencia, é preciso engadir ao valor de taxación do solo afectado unha indemnización que compense os prexuízos derivados desta ocupación anticipada.

Segundo se xustifica no correspondente informe xurídico –que remite á doutrina xurisprudencial existente nesta materia- avalíase esta indemnización na porcentaxe dun 25% a aplicar sobre o importe que resulte de engadir á taxación dos bens afectados o 5% de premio de afección.

A arquitecta – xefa da Sección de Planeamento

Esther Sánchez Espiñeira

A técnica de administración xeral - xefa da Sección de Xestión Urbanística

Pilar Rubín Paz

(Asinado electronicamente)

ANEXOS

ANEXO I. Acordos da Xunta de Goberno de data 1 de marzo e 9 de setembro de 2019, relativos á aprobación do Proxecto básico e executivo de reurbanización da rúa de Clara Campoamor e o seu modificado

Documento	Expediente	Fecha
CMG1310IG		05-03-19 12:52

Número 51 .- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do proxecto básico e executivo de reurbanización da rúa Clara Campoamor.

Destinatario

15078DCMG1310IG



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión que tivo lugar o día 01 de marzo de 2019, previa declaración de urxencia acordada por unanimidade, adoptou o seguinte acordo:

51 .- PROPOSTA DO CONCELLEIRO DELEGADO DE ESPAZOS CIDADÁNS, DEREITO Á VIVENDA E MOBILIDADE RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E EXECUTIVO DE REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR.

Dáse conta á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela da proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade, de data 28 de febreiro de 2019, que é do seguinte teor literal:

“EXPEDIENTE.

Proxecto de Reurbanización de Clara Campoamor

ASUNTO: INFORME TECNICO PREVIO Á APROBACIÓN DO PROXECTO

INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA RÚA DE CLARA CAMPOAMOR

Primeiro. ANTECEDENTES

1.- Con data do 15/06/2016 tivo lugar a firma do Convenio Marco de colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e a entidade pública empresarial ADIF-ALTA VELOCIDAD, para o desenvolvemento da futura

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1310IG	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 05-03-19 12:52

Estación Intermodal de Santiago de Compostela e o seu entorno urbano, cos seguintes obxectivos fundamentais:

- Dotar á estación de Santiago das instalacións coa capacidade e condicións necesarias para a chegada da alta velocidade a Galicia

- Promover a utilización do transporte público e a mobilidade sostible mediante a execución dunha estación intermodal que poña a disposición do usuario a posibilidade de combinar diferentes modos de transporte público (ferrocarril e autobús) dunha forma rápida e eficiente e cun menor custo ambiental e económico.

- Mellorar a permeabilidade transversal da cidade no entorno da estación de ferrocarril a través dunha conexión peonil entre os barrios do Ensanche e Pontepedriña que, a súa vez, permitirá a conexión entre a estación de ferrocarril e a nova estación de autobuses. Dicha conexión será funcionalmente capaz de permeabilizar fluxos de carácter peonil entre ambas partes da cidade de maneira accesible.

- Adaptar as instalacións ferroviarias ás necesidades a corto e medio prazo, permitindo ao mesmo tempo a compatibilidade desta actuación có posterior desenvolvemento global do ámbito e da estación intermodal.

2.- En base a este Convenio o Concello de Santiago licitou o contrato de servizo de "REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E EXECUTIVO E DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE, DIRECCIÓN FACULTATIVA SUPERIOR E MEDIA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE DA REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR", resultando adxudicataria PROYFE, S.L.

3.- Inicialmente foi designado como responsable do contrato ó enxeñeiro de camiños, do Servizo municipal de proxectos e obras Miguel Fdez Solís, renunciando a súas funcións ao observar que estas funcións se estaban realizando dende a área de urbanismo, dende a que se estableceron as reunións de coordinación e seguimento.

4.- O ámbito de actuación é a Rúa Clara Campoamor, cunha lonxitude de 800 m, e parte dos terreos públicos existentes adxacentes á mesma, cunha superficie total aproximada de 19.000 m2. Trátase do vial que dará acceso á terminal de autobuses integrada na Estación Intermodal, coa que limita cara norte e que atopase en execución. Cara ao sur, a rúa limita có parque de Brañas do Sar, que conta con itinerarios peonís e un área de horto urbano.

Documento	Expediente	Fecha
CMG13I0IG		05-03-19 12:52

5.- Obxectivos.- Durante a elaboración da "Estrategia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado" (EDUSI 2017-2025) detectouse a necesidade de replantexar o papel dos viarios estruturantes, especialmente de aqueles que recorren a periferia da cidade, desde os que se accede á cidade máis compacta e tradicional. Neste sentido, o obxectivo é a desconxestión dos viarios estruturantes urbanos mediante a canalización dos tráfico de acceso e saída da cidade cara ao viarios periféricos. Deste modo, os viarios urbanos verían potenciado a súa calidade funcional e espacial ao reducir a cantidade de vehículos e a súa velocidade, e incorporando os usos de estancia, peonís e ciclistas como modos de desprazamento preferente. En base ao anterior, o novo papel na trama urbana da rúa Clara Campoamor e a influencia da posta en servizo de a nova estación intermodal, demandan unha resposta urbana que va máis allá da reurbanización da rúa, xa que supoñen a transformación da mobilidade urbana ao redor deste enclave. No marco da estratexia descrita, defínense os seguintes obxectivos da actuación:

- Obxectivos xerais:

- o Mellorar o medio ambiente urbano na súa dimensión ambiental, paisaxística e urbanística
- o Potenciar a cohesión social e territorial
- o Mellorar a funcionalidade viaria para o uso do transporte público urbano e interurbano
- o Incorporar ao viario urbano estruturante a mobilidade ciclista e peonil, fomentando o uso de viarios alternativos periféricos existentes para canalizar os tráfico de acceso e saída da cidade.

- Obxectivos específicos:

- o Humanización e integración paisaxística da rúa Clara Campoamor, integrando e potenciando a mobilidade ciclista e peonil e procurando a permeabilidade da mesma con respecto á cidade.
- o Resolución das manobras de acceso e saída dos autobuses á nova terminal.

Para abordar os obxectivos descritos, defínense os seguintes criterios funcionais de actuación:

- Posibilitar a circulación desde o norte e desde o sur para os autobuses urbanos e interurbanos e as correspondentes

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1310IG	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 05-03-19 12:52

manobras de entrada e saída á terminal de autobuses da estación intermodal.

- Posibilitar a circulación integrada có entorno urbano e accesos á estación intermodal para peóns e ciclistas.

- Potenciar a permeabilidade mediante a conexión cos itinerarios e espazos libres adxacentes, entre os que destacan o futuro parque de As Brañas do Sar, a futura praza de acceso desde o sur á estación e os percorridos desde a trama urbana do entorno da rúa

- Integración das tres actuacións co obxectivo de favorecer a calidade do medio ambiente urbano

- Racionalización técnica e económica, procurando o aproveitamento da infraestrutura existente na medida do posible, prevalecendo en todo caso os obxectivos anteriores.

6.- A solución adoptada plantexa a transformación do carácter do vial de carreteira a carácter de rúa, procurando o equilibrio do espazo urbanizado destinado aos diferentes tráfico (peonís, ciclistas, coches, autobuses) e áreas estanciais, dando resposta aos obxectivos descritos no punto anterior.

A rúa ten dous tramos diferenciados: o tramo rectilíneo, desde a estación cara ao este, e o tramo sinuoso dende a estación cara á glorieta de Pontepedriña. Ambos tramos teñen unha demanda funcional diferente en base ao tráfico de autobuses previsto, que terá mais relevancia no tramo sinuoso en base aos datos de tráfico facilitados polos axentes promotores da terminal integrada na estación intermodal, tal e como sinalan os redactores do proxecto presentado.

Para garantir a fluidez de tráfico neste tramo, dispónse unha sección funcional de calzada con carrís de 4 m de ancho, un carril por sentido máis un terceiro carril que acolle os tráfico de espera de autobuses, tanto de acceso á estación como de saída.

No tramo rectilíneo o condicionante principal é a orografía do terreo, que limita o largo dispoñible de rúa. Polo que se prevé unha calzada de carrís de 3 m de ancho, un carril por sentido, destinando o espazo restante á disposición de itinerarios peonís e ciclistas e arbores, aproveitando na medida do posible as rasantes existentes. Ase mesmo, formalízase un terceiro carril na incorporación á rotonda de conexión coa Avenida de Lugo.

O itinerario ciclista planease a ambos lados da calzada, cun carril por sentido, e a cota da calzada, para facilitar a

Documento	Expediente	Fecha
CMG13I0IG		05-03-19 12:52

circulación en cruces con vías que non dispoñan de carril bici, que procura a convivencia de ciclistas e tráfico motorizado e a súa separación dos peóns.

Co obxectivo de potenciar a cohesión coas actuacións en curso, a proposta contempla a prolongación da praza prevista cara o parque de As Brañas, favorecida pola topografía existente nese punto, que permite unha transición de pendente suave. Esta prolongación realízase a cota da praza, modificando a rasante de calzada, priorizando as circulacións peonís e propiciando o calmado de tráfico. Esta actuación favorece a cohesión da trama urbana, a permeabilidade cara ao parque e a consolidación dunha identidade recoñecible do medio ambiente urbano, mediante a homoxeneización do tratamento da urbanización (pavimentos, mobiliario urbano, axardinamento,...).

Nas franxas de arborado a ambos lados da calzada provese a plantación alternada de *acer platanoides* e *acer pseudoplatanus* para enriquecer o cromatismo dos itinerarios grazas á variación de color nos troncos e as follas.

Cara ao encaxe orográfico do vial, pártese das rasantes previstas no Proxecto Integrado da Estación Intermodal na zona de contacto coa rúa para garantir a coordinación funcional das tres actuacións. Esta rasante localízase en torno as cotas 213 no fronte da terminal á 212 na praza da estación. Tamén mantense as cotas nos extremos do vial, nas conexións coas glorietas existentes e no tramo rectilíneo no que se plantexa o aproveitamento da sección actual.

A partir destas consideracións, no tramo sinuoso suavízase o peralte transversal da calzada en algúns puntos e adaptase o perfil lonxitudinal ao eixe viario, que se modifica neste tramo. Esta modificación do eixe do vial ven determinada pola búsqueda de relación entre a aliñación viaria e a aliñación das edificacións existentes e previstas e para dar cabida á continuación da praza cara o parque, e a dotación de parada de bus urbano fronte á terminal de autobuses no marxe en contacto co mesmo. Esta modificación supón a adaptación puntual das obras da estación e a praza en relación aos seguintes puntos:

- Redución do ámbito de ambas obras, que delimitouse segundo o trazado do vial actual.

- Adaptación da zona de taxis e bus urbano do proxecto da estación á nova aliñación da rúa.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1310IG	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 05-03-19 12:52

- Redistribución das masas vexetais e áreas estancias previstas no proxecto da pasarela e da praza, para adaptalas ás circulacións derivadas da nova aliñación da rúa.

En relación á manobra dos buses utilízanse os parámetros do Proxecto Integrador en canto á dimensión e morfoloxía destes vehículos (ancho de 2,55m; largo de 15m e intereixe de 7,55m).

Para favorecer a fluidez da manobra de acceso dos autobuses á terminal, desprazase a calzada cara ao parque, aproveitando os terreos de propiedade municipal para replantexar o noiro e o camiño existente en As Brañas. Neste sentido, o proxecto de reurbanización parte da consideración dos criterios do Proxecto Integrador como mínimos dos que parte a proposta de trazado, respectando en todo caso as dimensións mínimas dos radios de xiro e os anchos de carril previsto e a lonxitude dos carrís de espera e aumentándoos na medida do posible.

A proposta gráfica da reurbanización estendese a modo orientativo máis aló dos límites da actuación prevista, coa intención de suxerir as directrices para os futuros proxectos de desenvolvemento do Parque das Brañas e favorecer a cohesión da trama urbana.

7.- Actuacións previstas. A proposta de reurbanización suporá a execución dos seguintes traballos:

- Demolicións e movementos de terras
- Firmes e pavimentos
- Mobiliario urbano e xardinería
- Sinalización vertical e horizontal incluíndo semaforización.
- Instalacións de recollida de pluviais e de abastecemento
- Instalacións de alumado público

Segundo. DOCUMENTO PRESENTADO

O contido do documento aportado polo técnico redactor cumpre cos mínimos dispostos na lexislación vixente de contratos e na sección 1a do Capítulo VIII do Título III do Plan Xeral de Ordenación Municipal (DOGA 204/07 de 20 de outubro), constando dos seguintes documentos:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1310IG	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 05-03-19 12:52

- Memoria:

- o Antecedentes e obxecto
- o Información previa
- o Obxectivos e criterios
- o Descrición e xustificación da solución adoptada
- o Xustificación da normativa en materia de accesibilidade
- o Descrición das obras
- o Xustificación de prezos
- o Prazo de execución
- o Prazo de garantía
- o Orzamento das obras
- o Revisión de prezos
- o Clasificación do contratista
- o Índice de documentos
- o Consideración final

- Anexos á memoria

- o Topografía
- o Reportaxe fotográfico
- o Trazado
- o Servizos
- o Plan de obra
- o Clasificación do contratista
- o Estudio xeotécnico
- o Xestión de residuos
- o Xustificación de prezos
- o Estudio de seguridade e saúde
- o Control de calidade
- o Aspectos ambientais
- o Estudio de integración da mobilidade peonil e ciclista
- o Coordinación con outros axentes

- Planos

- o Situación e emprazamento.
- o Planeamento urbanístico vixente

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG13I0IG	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 05-03-19 12:52

- o Planta de estado actual. levantamento topográfico.
- o Parcelario catastral
- o Plantas de estado reformado.
- o Perfil lonxitudinal e transversais
- o Seccións tipo e detalles
- o Demolicións e actuacións previas
- o Sinalización vertical e horizontal
- o Abastecemento.
- o Pluviais.
- o Alumeado.
- o Semaforización
- Prego de Condicións Técnicas Particulares
- Medicións e Orzamento
 - o Medicións
 - o Cadro de prezos nº 1
 - o Cadro de prezos nº 2
 - o Orzamentos parciais
 - o Orzamento de execución material
 - o Orzamento base de licitación

Terceiro. FUNDAMENTOS DE DEREITO

1.- Trátase dun proxecto de obras ordinarias municipais de urbanización, entendendo como tales aquelas que teñen por obxecto ámbitos de dominio e uso públicos previamente urbanizados. O seu fin é o mantemento, mellora ou reforma dos espazos exteriores, as súas instalacións ou equipamento, pero en ningún caso será a execución de planeamento urbanístico ou territorial; para este fin establécese concretamente o proxecto de urbanización (e o plan especial de infraestruturas), que se describe no art. 110 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e que non resultaría de aplicación no caso que nos ocupa.

2.- O documento é o necesario e suficiente para permitir á Administración coñecer o obxecto e detalle das obras solicitadas, verificando o cumprimento dos contidos mínimos documentais previstos segundo a seguinte normativa vixente:

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1310IG		05-03-19 12:52

- A lexislación de contratos
- A normativa urbanística de aplicación
- Lei de Accesibilidade de Galicia
 - Os requirimentos e consideracións técnicas das compañías e servizos municipais que xestionan os servizos contemplados no proxecto, así como dos organismos sectoriais afectados, no seu caso.

3.- Análise do contido

3.1.- Cumprimento dos requisitos documentais segundo lei de contratos:

A – Aplica, NA – No aplica, P – Presenta, NP – No presenta	
Clasificación das obras (art. 232)	
a) Obras de premer establecemento, reforma ou gran reparación	A
b) Obras de reparación simple, restauración ou rehabilitación	NA
c) Obras de conservación e mantemento	NA
d) Obras de demolición	NA
Contido dos proxectos (art. 233)	
PROXECTO DE OBRAS (art. 233 Lei 9/2017 e art. 127-133 RGLCAP)	A
Memoria (obxecto das obras, antecedentes e situación previa, necesidades a satisfacer e xustificación da solución adoptada, detallando os factores de todo orde a ter en conta)	P
Planos (de conxunto e detalle para perfecta definición das obras, e se procede, de delimitación de ocupación de terreos, restitución de servidumes e/ou dereitos reais e servizos afectados)	P
Prego de Prescricións Técnicas Particulares (descrición das obras co regulación da súa execución, co expresión da forma en que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnico que correspondan ao contratista, e a maneira en que se levará a cabo a	P

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1310IG		05-03-19 12:52

medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución)		
Orzamento (integrado ou non por varios parciais, co expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, no seu caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración)	P	
Plan de Obra	P	
Acta de replanteo previo da obra (con referencias para o replanteo)	P	
Declaración de obra completa (segundo art. 125 e 127 do RGLCAP)	P	
Clasificación esixible ao contratista (segundo art. 65 e seguintes do TRLCSP)	P	
Estudio de Seguridade e Saúde / Estudio Básico de Seguridade e Saúde (nos termos previstos na lexislación vixente na materia)	P	
Outra documentación (prevista noutras normas legais ou regulamentarias ou instrucións técnicas de obriagado cumprimento)	P	
Informes e Estudos Previos (salvo que resulte incompatible coa natureza da obra, o proxecto deberá incluír un estudio xeotécnico dos terreos sobre os que esta vaise a executar, así como os informes e estudos previos necesarios para a mellor determinación do obxecto do contrato)	P	

3.2.- Cumprimento dos requisitos documentais segundo planeamento vixente:

A – Aplica, NA – No aplica, P – Presenta, NP – No presenta Contido dos Proxectos Técnicos RLSG (art. 225 e 353) PXOM (art. 29, 39 e 179-182)	
PROXECTO TÉCNICO	A

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1310IG		05-03-19 12:52

Memoria Descritiva e Xustificativa do cumprimento xeral de tódala normativa sectorial e técnica de aplicación. Especificamente conterá: Memoria urbanística, como documento específico e independente, na que se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, razonándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e calificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables. Memoria de adaptación ao ambiente e protección do paisaxe, segundo o estipulado no art. 216 do RLSG Memoria de demolición, no seu caso, especificando os pormenores do edificio que se pretende derrubar e dos edificios adxacentes.	P	
Planos Situación, Información, Proxecto e Detalle) (debidamente referenciados, sobre base cartográfica idónea, e coa precisión e escala adecuada para a súa correcta interpretación	P	
Prego de Condicións Técnicas	P	
Orzamento (Medicións, Descompostos, Orzamento)	P	
Plan de Obra	P	
Estudo de Seguridade e Saúde	P	
Plan de Control de Calidade	P	
Estudo de Xestión de Resíduos	P	
Estudo Xeotécnico	P	
Outra documentación (prevista noutras normas legais ou regulamentarias ou instrucións técnicas de obrigado cumprimento)	P	Memorias de instalacións (pendente revisión por parte de outros departamentos ou servizos)
* O proxecto técnico definirá de modo completo as obras ou instalacións a realizar, co contido e detalle que require o seu obxecto, de forma que o proxectado poida ser directamente executado mediante a correcta interpretación de aplicación das súas		

Documento	Expediente	Fecha
CMG13I0IG		05-03-19 12:52

especificacións por técnico distinto ó autor do proxecto.

Á vista da documentación presentada, o arquitecto xefe do servizo de proxectos e obras informa que esta cumpre cos mínimos formais dispostos na lexislación vixente de contratos e no Plan Xeral de Ordenación Municipal, permitindo á Administración coñecer o obxecto e detalle das obras solicitadas e coa precisión esixible a un proxecto de execución de tal xeito que as obras poidan ser executadas por técnico competente distinto do autor do proxecto.

3.3.- Cumprimento das determinacións do planeamento urbanístico vixente:

O instrumento de planeamento vixente en Santiago de Compostela é o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (A.D. 30/10/2007; BOP 30/11/2007; DOG 22/10/2007) e a súas modificacións puntuais posteriores.

No artigo 93 da normativa do PXOM recollese a previsión de desenvolvemento do PE-10R, "PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DE ACCESOS, INFRAESTRUTURAS, SERVICIOS FERROVIARIOS E ESTACIÓN INTERMODAL, E DE REFORMA INTERIOR, NA ESTACIÓN DE FERROCARRIL" para dar resposta, entre outros, aos seguintes obxectivos específicos:

- Reconectar os barrios do Ensanche e Pontepedriña a través da nova Estación Intermodal.
- Conectar os barrios situados ao noreste (Fontiñas-Sar-Trisca-...) cos novos barrios situados ao suroeste (Pontepedriña-Cornes-Conxo-Choupana-...) a través de novos percorridos urbanos que atravesan o ámbito, aproveitando a favorable topografía dos eixes este-oeste.
- Organizar o espazo considerando os modos de acceso preferente menos contaminantes. A forma de acceso preferente á estación será camiñando.
- Considerar a Rúa de Clara Campoamor como unha rúa urbana e configurala como parte esencial dos recorridos a pé entre zonas da cidade hoxe en día mal conectadas

Por outro lado, a rúa linda cara o sur coas Brañas do Sar, cuxo ámbito atopase regulado urbanísticamente polo Plan Especial de ordenación, mellora ambiental e acondicionamento das Brañas de Sar (PE-3R) (A.D. 31/03/2011; BOP 13/05/2011; DOG 24/06/2011)

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG13I0IG		05-03-19 12:52

3.4.- Afeccións:

Non se observan afeccións de outras administracións.

3.5.- Cumprimento da normativa de accesibilidade vixente:

O proxecto presentado xustifica o cumprimento das determinacións establecidas en:

- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e a citada Lei 8/1997

- Orden VIV/561/2010, de 1 febreiro, pola que se desenvolve o Documento Técnico de condicións de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

Cuarto. INFORMES DOS DIFERENTES DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS

Valórase a continuación a proposta dende o punto de vista xeral do deseño urbano, trazado e tratamento dos espazos públicos proxectados. Para as cuestións específicas comprendidas no proxecto e competencia doutros departamentos municipais recollerase o contido dos seus informes sobre a idoneidade e/ou condicionantes e requisitos a cumprir.

4.1.- Deseño urbano. trazado e tratamento:

Tal e como se indicou anteriormente, considérase que se cumpren os criterios xerais de ordenación previstos no planeamento e ordenanzas municipais.

4.2.- Cartografía:

Departamento ou técnico responsable:	Sección de Cartografía e SIX
Empresa concesionaria/subministradora:	-
Competencias:	cartografía utilizada e xerada / medios de presentación

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG13I0IG		05-03-19 12:52

Deberá presentarse plano de estado final trala execución das obras nas capas de cartografía do Concello e no sistema de coordenadas ETRS89. Esta condición deberá incluírse no prego de condicións para a contratación das obras ou da dirección facultativa.

4.3.- Arqueoloxía:

Departamento ou técnico responsable:	Arqueoloxía municipal
Empresa concesionaria/subministradora:	-
Competencias:	Arqueoloxía
Non é preceptivo (derogación do art. 40 do PXOM na Mod. Puntual aprobada definitivamente con data de 08/04/2013)	

4.4.- Parques e xardíns:

Departamento ou técnico responsable:	Parques e xardíns
Empresa concesionaria/subministradora:	-
Competencias:	Parque se xardíns, rego e mobiliario urbano
Informado favorablemente por correo electrónico de 20/02/2019, sinalando que non existen problemas substanciais no proxecto no que atinxe á xardineiría, simplemente precisións sobre algunhas variedades a utilizar ou detalles mais finos sobre o rego ou a dimensión dos alcouves en profundidade que poden ser solventados perfectamente no decurso das obras.	

4.5.- Tráfico/circulación:

Departamento ou técnico responsable:	Servizo de Tráfico
Empresa concesionaria/subministradora:	-
Competencias:	Ordenación e sinalización vial, redes de tráfico
O departamento de trafico con data do 21/02/2019 emite o seguinte informe.	
▪ A incorporación dos buses e taxis da parada proxectada (sentido Pontepedriña), antes da plataforma peonil, que fai un cruce co carril bici (do mesmo sentido) consideramos que debería realizarse de tal xeito que, a	

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento CMG13I0IG	Expediente	Fecha 05-03-19 12:52

incorporación dos buses impida que poidan saír o mesmo tempo os ciclistas que transitan polo carril bici. Este servizo recomenda que se adopte algunha medida que faga efectiva o proposto e que non sexa unicamente sinalización horizontal e vertical senón que se implante algún sistema que impida a saída dos ciclistas o mesmo tempo que a dos buses e taxis.

▪ Deberase ter en conta, especialmente a situación do carril bus da rúa do Hórreo, xa que semella insuficiente para absorber o tráfico de buses que se supón que se xenerará coas novas medidas de tráfico derivadas da execución deste proxecto, máxime tendo en conta que actualmente o carril bus da rúa do Hórreo e zona de espera dos buses escolares fundamentalmente da Virxe da Cerca.

▪ Na xuntanza púxose de relevo a preocupación deste servizo polo xiro que teñen que levar a cabo os autobuses que acceden á rotonda de Bernardo Barreiro, dende a Avenida de Lugo, sentido norte.

▪ En derradeiro lugar, poñer de manifesto que este servizo, xa na xuntanza, fixo suxerencias concretas respecto da mellora da sinalización vertical, que foron aceptadas polo equipo redactor.

No documento aportado con data 27/02/2019 téñense en consideracións as cuestións sinaladas e no seu caso incorporadas ao proxecto. No seu caso esta documentación aportase xunto cun informe no que se sinala:

▪ Punto 1: Dado que o espazo en planta, entre o carril bici e o vial de parada non permite a incorporación dun semáforo sen que xenere un obstáculo na circulación tanto de bicis como de buses ou taxis, e posto que as velocidades de circulación neste ámbito serán baixas, contéplase no proxecto o reforzo da sinalización neste punto, incorporando prioridades de circulación e obrigando a parada aos vehículos que acceden dende o kiss and ride. Tamén se contempla cambiar a tonalidade do carril bici neste punto (a decidir en fase de obra) co fin de indicar aos ciclistas que se deben manter en alerta nestas zonas de cruce.

▪ Punto 2: Está fora do ámbito do proxecto.

▪ Punto 3: Incorpórase o presente escrito imaxe co barrido dun bus de 15 m de lonxitude e 2,55 m de ancho no xiro referido. A actuación propón eliminar o segundo carril de

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1310IG		05-03-19 12:52

acceso á glorieta para aumentar o espazo de xiro cara Clara Campomaor facilitando esta manobra.

▪ Punto 4: Inclúese no proxecto estas suxerencias. Substitúese a sinal vertical P-20 dos pasos peonís, agás do cruce da praza, por sinal S-13, tal e como se indicou

4.6.- Recollida de lixo:

Departamento ou técnico responsable:	Servizos comunitarios - lixo
Empresa concesionaria/subministradora:	URBASER
Competencias: Non foi emitido informe	Recollida de lixo

4.7.- Abastecemento de auga e saneamento:

Departamento ou técnico responsable:	Non consta
Empresa concesionaria/subministradora:	VIAQUA
Competencias:	redes abastecemento de auga e saneamento de augas pluviais e fecais
Incorpóranse ao proxecto as cuestións recollidas pola empresa concesionaria de abastecimiento y saneamiento, Viaqua (Correo de data 12/02/2019) consistentes en:	
▪ Respecto do abastecemento conectala tubería na rotonda do sar coa tubería de FD500.	
▪ Respecto do saneamento na rotonda do Sar, a substitución da reixa de recollida de pluviais por unha de tipo barcina, que atravesase os dous carrís da rotonda.	

4.8.- Enerxía eléctrica:

Departamento ou técnico responsable:	Non consta
Empresa concesionaria/subministradora:	GAS NATURAL UNIÓN FENOSA
Competencias:	Redes alimentación e distribución enerxía eléctrica
O proxecto non recolle actuacións relativas a redes de alimentación e distribución de enerxía eléctrica.	

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG13I0IG		05-03-19 12:52

4.9.- Alumeado público:

Departamento ou técnico responsable:	Alumeado Público
Empresa concesionaria/subministradora:	FERROVIAL SERVICIOS
Competencias:	Redes de alumeado público e servizos comúns
Consta informe favorable do técnico supervisor municipal (Correo de data 12/02/2019) requirindo valorar a posibilidade de incrementar os niveis de alumeado. No informe do equipo redactor xustifícanse os niveis de alumeado recollidos no proxecto que responden á normativa de aplicación.	

4.10.- Telecomunicacións:

Departamento ou técnico responsable:	Non consta
Empresa concesionaria/subministradora:	TELEFÓNICA / R
Competencias:	Redes de telecomunicacións
O proxecto non recolle actuacións relativas a redes de telecomunicacións.	

4.11.- Gas:

Departamento ou técnico responsable:	Non consta
Empresa concesionaria/subministradora:	GAS GALICIA
Competencias:	Redes de alimentación e distribución de gas
O proxecto non recolle actuacións relativas a redes de gas.	

Quinto. INFORME DO ARQUITECTO XEFE DO SERVIZO DE PROXECTOS E OBRAS

Á vista de canto antecede, o arquitecto xefe do servizo de proxectos e obras con data 27 de febreiro de 2019 informa favorablemente o proxecto presentado coas seguintes condicións:

ORZAMENTO

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
Documento	Expediente	Fecha
CMG13I0IG		05-03-19 12:52

O.E.M. (Orzamento de Execución Material)	1.086.092,74 €
O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)	1.292.450,36 €
O.B.L. + I.V.E.	1.563.864,94 € (O.E.C. + 21% I.V.E.)

PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución previsto é de 5 meses.

CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

G-4-2

OBRA COMPLETA

O presente proxecto inclúe tódolos traballos que o converte en executable e utilizable, resultando susceptible de ser entregado ao uso xeral ou servizo correspondente, polo que considéranse obras completas no senso estipulado no artigo 13 do L 9/2017 de 8 de novembro da Lei de Contratos do Sector Público.

De conformidade co ata aquí establecido propónse:

APROBAR o PROXECTO BÁSICO E EXECUTIVO DA REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR elaborado por PROYFE, S.L. coas seguintes condicións:

O orzamento máximo de licitación é de 1.292.450,36 € + 271.414,57 € de IVE (21%) = 1.563.864,94 €. O prazo de execución é de 5 meses. A clasificación do contratista é a G-4-2.

O presente proxecto inclúe tódolos traballos que o converte en executable e utilizable, resultando susceptible de ser entregado ao uso xeral ou servizo correspondente, polo que considéranse obras completas no senso estipulado no artigo 13 do L 9/2017 de 8 de novembro da Lei de Contratos do Sector Público."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes aprobar o PROXECTO BÁSICO E EXECUTIVO DA REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR elaborado por PROYFE, S.L. coas seguintes condicións:

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 38.- DPAIG		
<i>Documento</i> CMG1310IG	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 05-03-19 12:52

O orzamento máximo de licitación é de 1.292.450,36 € + 271.414,57 € de IVE (21%) = 1.563.864,94 €. O prazo de execución é de 5 meses. A clasificación do contratista é a G-4-2.

O presente proxecto inclúe todos os traballos que o converte en executable e utilizable, resultando susceptible de ser entregado ao uso xeral ou servizo correspondente, polo que considéranse obras completas no senso estipulado no artigo 13 do L 9/2017 de 8 de novembro, da Lei de Contratos do Sector Público.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE SANTIAGO

Asdo: Xan Xesús Duro Fernández





Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1311J3		10-09-19 09:06

Número 5 .- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa á aprobación do proxecto modificado da reurbanización da rúa Clara Campoamor.

Destinatario

15078DCMG1311J3%



A Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 09 de setembro de 2019 adoptou o seguinte acordo:

NÚMERO 5 .- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DELEGADA DE URBANISMO RELATIVA Á APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR.

Dáse conta á Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela do informe-proposta, de data 3 de setembro de 2019, asinada polo arquitecto xefe do servizo de Proxectos e Obras e pola concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica, do seguinte teor literal:

"Primeiro. ANTECEDENTES

1.- En xaneiro de 2018 o Concello de Santiago licitou o contrato de servizo de "REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO E EXECUTIVO E DE REDACCIÓN DO PROXECTO DE SEGURIDADE E SAÚDE, DIRECCIÓN FACULTATIVA SUPERIOR E MEDIA E COORDINACIÓN DE SEGURIDADE DA REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR", resultando adxudicataria a empresa PROYFE, S.L. No marco deste contrato e en coordinación co Concello de Santiago, PROYFE S.L. elaborou o PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR, asinado en data decembro de 2018, cuxo obxecto é a reurbanización da rúa Clara Campoamor para definir o acceso sur á estación intermodal, tanto para os usuarios do tren e do bus como para os autobuses que acceden a súa terminal.

2.- A solución definida no proxecto respondía aos seguintes condicionantes:

-Necesidade de coordinación co PROYECTO INTEGRADO DE LA NUEVA ESTACIÓN INTERMODAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (ESTACIÓN DE FERROCARRIL-ESTACIÓN DE AUTOBÚS-PASARELA PEATONAL DE CONEXIÓN), elaborado en xuño de 2016. Este proxecto integrador abrangue dúas actuacións colindantes coa rúa Clara Campoamor: a primeira delas é a terminal de autobuses, á que se accederá necesariamente por esta rúa; e a segunda é a pasarela peonil que comunica ambas terminais (tren e bus) e a praza na que desembarca.

-Necesidade de coherencia coa estratexia de mobilidade definida no marco dos traballos da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible e Integrado (EDUSI 2017-2025), que puxo de relevo a necesidade de reconsideración do papel dos viarios estruturantes urbanos, especialmente daqueles que discorren pola periferia da cidade, polos que se accede e sae da cidade máis compacta e tradicional.

En concreto, tal e como contempla a EDUSI, esta reconsideración do viario estruturante periférico "...pretende a planificación e sucesiva execución de actuacións estratéxicas coherentes e concatenadas dirixidas a encauzar o tráfico de acceso e saída da cidade polos viarios estruturantes de carácter non urbano (viarios ou tramos viarios xestionados polo Ministerio de Fomento e/ou pola Dirección Xeral de Estradas da Xunta de Galicia) para descargar de tráfico rodado de vehículos particulares o que para este caso denominamos viarios estruturantes de carácter urbano, fomentando esa cualidade funcional e espacial de urbanidade ao reducir tanto a cantidade de vehículos de paso, como a velocidade de circulación polos mesmos, incorporando usos estanciais e o uso peonil e da bicicleta como modos de desprazamento preferentes na sección transversal dos tramos viarios e especialmente nos cruces e interseccións...."

A accesibilidade á estación intermodal analízase, polo tanto, no marco desa nova concepción da mobilidade no conxunto da cidade que procura a xerarquización viaria axeitada para recuperar as rúas inseridas na trama urbana como espazo público de calidade para a cidadanía, canalizando os tráfico rodados de acceso e saída da cidade polos viais estruturantes de carácter non urbano.

3.- Na procura deste novo sistema de mobilidade na cidade de Santiago o Concello impulsa diversas actuacións encamiñadas a rehabilitar e revitalizar a cidade, mellorando o entorno urbano e o seu medio ambiente.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG13I1J3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 10-09-19 09:06

4.- Dentro destas actuacións, en resposta á solicitude plantexada desde o Concello de Santiago e en virtude do acordo alcanzado entre o mesmo e o Ministerio de Fomento, a principios do ano 2019, tiveron lugar actuacións de mellora da permeabilidade rodada viaria do túnel do Hórreo. En concreto, levouse a cabo a sinalización viaria necesaria (horizontal e vertical) para permitir as incorporacións e saídas desde ambas marxes da cidade na boca norte do túnel, o que facilita a mobilidade dos vehículos. Co obxecto de garantir a seguridade viaria, estas modificacións se acompañan da sinalización necesaria de limitación de velocidade a 40km/h nos carriles nos que teñen lugar as manobras de saída ou incorporación.

5.- Tras esta actuación, os condutores que se dirixan ao sur desde as rúas Ramón Piñeiro e Bernardo Barreiro poden incorporarse ao subterráneo directamente, mentres que antes estaban obrigados a seguir de fronte ata as rotondas do Hórreo e de Galuresa para chegar ao SC-20. En senso contrario, os condutores que circulan polo túnel poden desviarse directamente cara a rotonda do Sar sen estar obrigados a chegar á rotonda en superficie coa Avenida de Lugo para cambiar de senso.

6.- Estes novos movementos viarios favorecen a canalización do tráfico de acceso de autobuses cara á terminal integrada na estación intermodal polo periférico, desde o que poden acceder directamente á glorieta do Sar e, desde esta, á rúa Clara Campoamor.

7.- En coherencia con esta actuación dende a Concellería responsable de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural solicitouse a modificación do PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR para introducir un carril especializado destinado a buses e taxis que contribúa á canalización do tráfico de acceso á terminal de autobuses integrada na estación intermodal polo vial periférico, de xeito que se diminúa a incidencia deste tráfico nos viais próximos de carácter máis urbano, como a rúa Restollal.

8.- A tal efecto, con data do 31/07/2019 procedese ao inicio da tramitación do contrato para o servizo de asistencia técnica da redacción do PROXECTO MODIFICADO DE REURBANIZACIÓN DA RÚA DE CLARA CAMPOAMOR por un importe de 17.847,50 € (IVE incluído) adxudicado á empresa PROYFE SL.

Segundo. DESCRICIÓN DA INTERVENCIÓN

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG13I1J3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 10-09-19 09:06

2.1. Ámbito e obxectivos

2.1.1. Ámbito

O ámbito de actuación deste proxecto modificado segue a ser a Rúa Clara Campoamor, cunha lonxitude de 800 m, e parte dos terreos públicos existentes adxacentes á mesma, cunha superficie total aproximada de 19.000 m²; vial que dará acceso á terminal de autobuses integrada na Estación Intermodal.

2.1.2. Obxectivos

Os obxectivos xerais e obxectivos específicos son os sinalados na proposta inicial:

- o Mellorar o medio ambiente urbano na súa dimensión ambiental, paisaxística e urbanística
- o Potenciar a cohesión social e territorial
- o Mellorar a funcionalidade viaria para o uso do transporte público urbano e interurbano
- o Incorporar ao viario urbano estruturante a mobilidade ciclista e peonil, fomentando o uso de viarios alternativos periféricos existentes para canalizar os tráfico de acceso e saída da cidade.
- o Humanización e integración paisaxística da rúa Clara Campoamor, integrando e potenciando a mobilidade ciclista e peonil e procurando a permeabilidade da mesma con respecto á cidade.
- o Resolución das manobras de acceso e saída dos autobuses á nova terminal.

Para abordar estes obxectivos os criterios funcionais da actuación son:

- Posibilitar a circulación desde o norte e desde o sur para os autobuses urbanos e interurbanos e as correspondentes manobras de entrada e saída á terminal de autobuses da estación intermodal.
- Posibilitar a circulación integrada có entorno urbano e accesos á estación intermodal para peóns e ciclistas.
- Potenciar a permeabilidade mediante a conexión cos itinerarios e espazos libres adxacentes, entre os que destacan o futuro parque de As Brañas do Sar, a futura praza de acceso desde o sur á estación e os percorridos desde a trama urbana do entorno da rúa

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento CMG1311J3	Expediente	Fecha 10-09-19 09:06

- Integración das tres actuacións co obxectivo de favorecer a calidade do medio ambiente urbano

- Racionalización técnica e económica, procurando o aproveitamento da infraestrutura existente na medida do posible, prevalecendo en todo caso os obxectivos anteriores.

2.2 Descrición da actuación

Como na anterior proposta, a solución adoptada plantexa a transformación do carácter do vial de carreteira a carácter de rúa, procurando o equilibrio do espazo urbanizado destinado aos diferentes tráfico (peatóns, ciclistas, coches, autobuses) e áreas estanciais, dando resposta aos obxectivos descritos no punto anterior.

Na solución agora adoptada tense, a maiores, en consideración as actuacións de mellora da permeabilidade rodada viaria realizadas no túnel do Hórreo, realizadas polo Ministerio de Fomento, para permitir as incorporacións e saídas desde ambas marxes da cidade na boca norte do túnel, introducindo un carril especializado destinado a buses e taxis que contribúe á canalización do tráfico de acceso á terminal.

A rúa ten dous tramos diferenciados: o tramo rectilíneo, desde a estación cara ao este, e o tramo sinuoso dende a estación cara á glorieta de Pontepedriña. Para garantir a fluidez do tráfico, atendendo á demanda funcional dos tramos e tendo en conta o novo tráfico de buses previsto, este novo proxecto modificado plantexa dispor un carril específico para buses e taxis na marxe esquerda do novo viario dotando aos carrís de ancho suficiente para acoller a traxectorias dos buses, dado o sinuoso do trazado.

En base ao anterior, para este primeiro tramo propónse unha sección funcional de calzada con carrís de catro metros (4 m) de ancho, un carril por sentido máis un terceiro carril co mesmo ancho, que acolle os tráfico específicos de bus e taxi.

No tramo recto, o condicionante principal é a orografía, que limita o ancho dispoñible de rúa. Polo que se prevé unha calzada de carrís de tres metros (3 m) de ancho: o específico para bus e taxi (indicado para o tramo anterior, e polo tanto que nesta modificación ten continuidade en toda a rúa de Clara Campoamor), un carril por sentido para o resto do tráfico, destinando o espazo restante á disposición de itinerarios peonís e ciclistas, e arborado, aproveitando na medida do posible as rasantes actuais. Ase mesmo, se

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311J3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 10-09-19 09:06

formaliza un terceiro carril na incorporación á rotonda de conexión coa Avda de Lugo.

Nesta modificación reconsiderase o itinerario ciclista plantexado inicialmente. Cara a favorecer as circulacións no carril especializado (bus e taxi) reubicase o carril bici (de dous sentidos) no marxe dereito da actuación, mais cercano ás Brañas do Sar, de tal maneira que mantendo un carril por sentido e independizando as circulacións de bus, coches e bicicletas, lógrese a convivencia entre ciclistas e tráfico motorizado e a súa separación dos peóns.

A proposta mantén a solución da prolongación da praza prevista cara o parque de As Brañas. É dicir, a prolongación da praza priorizando as circulacións peonís e propiciando o calmado de tráfico. Desta maneira mantense a idea de cohesión da trama urbana, a permeabilidade cara ao parque e a consolidación dunha identidade recoñecible do medio ambiente urbano, mediante a homoxeneización do tratamento da urbanización (pavimentos, mobiliario urbano, axardinamento,...).

Nas franxas de arborado a ambos lados da calzada provese a plantación alternada de distintas especies arbóreas para enriquecer o cromatismo dos itinerarios grazas á variación de color nos troncos e as follas.

Cara ao encaxe orográfico do vial, pártese das rasantes previstas no Proxecto Integrado da Estación Intermodal na zona de contacto coa rúa para garantir a coordinación funcional das tres actuacións. Tamén mantense as cotas nos extremos do vial, nas conexións coas glorietas existentes e no tramo rectilíneo no que se plantexa o aproveitamento da sección actual.

A partir destas consideracións, no tramo sinuoso suavízase o peralte transversal da calzada en algúns puntos e adaptase o perfil lonxitudinal ao eixe viario, que se modifica neste tramo. Esta modificación do eixe do vial ven determinada pola búsqueda de relación entre a aliñación viaria e a aliñación das edificacións existentes e previstas e para dar cabida á continuación da praza cara o parque, e a dotación de parada de bus urbano fronte á terminal de autobuses no marxe en contacto co mesmo. Esta modificación supón a adaptación puntual das obras da estación e a praza en relación aos seguintes puntos:

- Redución do ámbito de ambas obras, que delimitouse segundo o trazado do vial actual.

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311J3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 10-09-19 09:06

- Adaptación da zona de taxis e bus urbano do proxecto da estación á nova aliñación da rúa.

- Redistribución das masas vexetais e áreas estancias previstas no proxecto da pasarela e da praza, para adaptalas ás circulacións derivadas da nova aliñación da rúa.

En relación á manobra dos buses utilízanse os parámetros do Proxecto Integrador en canto á dimensión e morfoloxía destes vehículos (ancho de 2,55m; largo de 15m e intereixe de 7,55m).

Para favorecer a fluidez da manobra de acceso dos autobuses á terminal, desprazase a calzada cara ao parque, aproveitando os terreos de propiedade municipal para replantexar o noiro e o camiño existente en As Brañas. Neste sentido, o proxecto de reurbanización parte da consideración dos criterios do Proxecto Integrador como mínimos dos que parte a proposta de trazado, respectando en todo caso as dimensións mínimas dos radios de xiro e os anchos de carril previsto e a lonxitude dos carrís de espera e aumentándoos na medida do posible.

A proposta gráfica da reurbanización estendese a modo orientativo máis aló dos límites da actuación prevista, coa intención de suxerir as directrices para os futuros proxectos de desenvolvemento do Parque das Brañas e favorecer a cohesión da trama urbana.

2.3. Actuacións previstas

A proposta de reurbanización suporá a execución dos seguintes traballos:

- Demolicións e movementos de terras
- Firmes e pavimentos
- Mobiliario urbano e xardinería
- Sinalización vertical e horizontal incluíndo semaforización.
- Instalacións de recollida de pluviais e de abastecemento
- Instalacións de alumado público

Terceiro. DOCUMENTO PRESENTADO

Contido documental

O contido do documento aportado polo técnico redactor cumpre cos mínimos dispostos na lexislación vixente de contratos e na sección 1a do Capítulo VIII do Título III do Plan Xeral de Ordenación Municipal (DOGA 204/07 de 20 de outubro), constando dos seguintes documentos:

- Memoria:

- o Antecedentes e obxecto
- o Información previa
- o Obxectivos e criterios
- o Descrición e xustificación da solución adoptada
- o Xustificación da normativa en materia de accesibilidade
- o Descrición das obras
- o Seguridade e saúde
- o Aspectos ambientais
- o Xestión de residuos
- o Prazo de execución
- o Programa de traballos
- o Prazo de garantía
- o Orzamento
- o Xustificación de prezos
- o Revisión de prezos
- o Clasificación do contratista
- o Documentos que integran o proxecto
- o Declaración de obra completa
- o Consideración final

- Anexos á memoria

- o Cartografía
- o Reportaxe fotográfico
- o Trazado
- o Servizos
- o Plan de obra
- o Clasificación do contratista
- o Estudio xeotécnico
- o Xestión de residuos

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG13I1J3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 10-09-19 09:06

- o Xustificación de prezos
- o Estudio de seguridade e saúde
- o Estudio de Control de calidade
- o Estudio ambiental
- o Estudio de integración da mobilidade peonil e ciclista
- o Coordinación con outros axentes
- Planos
 - o Situación e emprazamento.
 - o Planeamento urbanístico vixente
 - o Planta de estado actual. Levantamento topográfico.
 - o Parcelario catastral
 - o Plantas de estado reformado.
 - o Perfil lonxitudinal e transversais
 - o Seccións tipo e detalles
 - o Demolicións e actuacións previas
 - o Sinalización vertical e horizontal
 - o Abastecemento.
 - o Pluviais.
 - o Alumeado.
 - o Semaforización
- Prego de Condicións Técnicas Particulares
- Medicións e Orzamento
 - o Medicións
 - o Cadro de prezos nº 1
 - o Cadro de prezos nº 2
 - o Orzamentos parciais
 - o Orzamento de execución material
 - o Orzamento base de licitación

Cuarto. FUNDAMENTOS DE DEREITO

4.1. Trátase dun proxecto de obras ordinarias municipais de urbanización, entendendo como tales aquelas que teñen por obxecto ámbitos de dominio e uso públicos previamente urbanizados. O seu fin

é o mantemento, mellora ou reforma dos espazos exteriores, as súas instalacións ou equipamento, pero en ningún caso será a execución de planeamento urbanístico ou territorial; para este fin establécese concretamente o proxecto de urbanización (e o plan especial de infraestruturas), que se describe no art. 110 da lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e que non resultaría de aplicación no caso que nos ocupa.

Así, valórase a continuación o cumprimento das seguintes normas:

- A lexislación de contratos
- A normativa urbanística de aplicación
- Normativa de accesibilidade (Lei de Accesibilidade de Galicia)

4.2. Cumprimento dos requisitos documentais segundo lei de contratos:

A - Aplica, NA - No aplica, P - Presenta, NP - No presenta		
Clasificación das obras (art. 232)		
a) Obras de premer establecemento, reforma ou gran reparación		A
b) Obras de reparación simple, restauración ou rehabilitación		NA
c) Obras de conservación e mantemento		NA
d) Obras de demolición		NA
Contido dos proxectos (art. 233)		
PROXECTO DE OBRAS (art. 233 Lei 9/2017 e art. 127-133 RGLCAP)		A
Memoria (obxecto das obras, antecedentes e situación previa, necesidades a satisfacer e xustificación da solución adoptada, detallando os factores de todo orde a ter en conta)	P	
Planos (de conxunto e detalle para perfecta definición das obras, e se procede, de delimitación de ocupación de terreos, restitución de servidumes e/ou dereitos reais e servizos afectados)	P	
Prego de Prescricións Técnicas Particulares	P	

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1311J3		10-09-19 09:06

(descripción das obras co regulación da súa execución, co expresión da forma en que esta se levará a cabo, as obrigas de orde técnico que correspondan ao contratista, e a maneira en que se levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución)		
Orzamento (integrado ou non por varios parciais, co expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, no seu caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración)	P	
Plan de Obra	P	
Acta de replanteo previo da obra (con referencias para o replanteo)	P	
Declaración de obra completa (segundo art. 125 e 127 do RGLCAP)	P	
Clasificación esixible ao contratista (segundo art. 65 e seguintes do TRLCSP)	P	
Estudio de Seguridade e Saúde / Estudio Básico de Seguridade e Saúde (nos termos previstos na lexislación vixente na materia)	P	
Outra documentación (prevista noutras normas legais ou regulamentarias ou instrucións técnicas de obriagado cumprimento)	P	
Informes e Estudos Previos (salvo que resulte incompatible coa natureza da obra, o proxecto deberá incluír un estudio xeotécnico dos terreos sobre os que esta vaise a executar, así como os informes e estudos previos necesarios para a mellor determinación do obxecto do contrato)	P	

4. 3. Cumprimento dos requisitos documentais segundo planeamento vixente:

A - Aplica, NA - No aplica, P - Presenta, NP - No presenta
Contido dos Proxectos Técnicos
RLSG (art. 225 e 353) PXOM (art. 29, 39 e

179-182)		
PROXECTO TÉCNICO		A
Memoria Descritiva e Xustificativa do cumprimento xeral de tódala normativa sectorial e técnica de aplicación. Especificamente conterá: Memoria urbanística, como documento específico e independente, na que se indicará a finalidade e o uso da construción ou actuación proxectada, razonándose a súa adecuación á ordenación vixente, con expresa indicación da clasificación e calificación do solo obxecto da actuación e da normativa e das ordenanzas aplicables. Memoria de adaptación ao ambiente e protección do paisaxe, segundo o estipulado no art. 216 do RLSG Memoria de demolición, no seu caso, especificando os pormenores do edificio que se pretende derrubar e dos edificios adxacentes.	P	
Planos Situación, Información, Proxecto e Detalle) (debidamente referenciados, sobre base cartográfica idónea, e coa precisión e escala adecuada para a súa correcta interpretación	P	
Prego de Condicións Técnicas	P	
Orzamento (Medicións, Descompostos, Orzamento)	P	
Plan de Obra	P	
Estudo de Seguridade e Saúde	P	
Plan de Control de Calidade	P	
Estudo de Xestión de Resíduos	P	
Estudo Xeotécnico	P	
Outra documentación (prevista noutras normas legais ou regulamentarias ou instrucións técnicas de obrigado cumprimento)	P	Memorias de instalacións (pendente revisión por parte de outros departamentos ou servizos)
* O proxecto técnico definirá de modo completo as obras ou		

<i>Dependencia</i> CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
<i>Documento</i> CMG1311J3	<i>Expediente</i>	<i>Fecha</i> 10-09-19 09:06

instalacións a realizar, co contido e detalle que require o seu obxecto, de forma que o proxectado poida ser directamente executado mediante a correcta interpretación de aplicación das súas especificacións por técnico distinto ó autor do proxecto.

Á vista da documentación presentada, o arquitecto municipal, xefe do servizo de proxectos e obras, informa con data 3 de setembro de 2019 que ésta cumpre cos mínimos formais dispostos na lexislación vixente de contratos e no Plan Xeral de Ordenación Municipal, permitindo á Administración coñecer o obxecto e detalle das obras solicitadas e coa precisión esixible a un proxecto de execución de tal xeito que as obras poidan ser executadas por técnico competente distinto do autor do proxecto.

4.4. Cumprimento das determinacións do planeamento urbanístico vixente:

O instrumento de planeamento vixente en Santiago de Compostela é o PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (A.D. 30/10/2007; BOP 30/11/2007; DOG 22/10/2007) e a súas modificacións puntuais posteriores.

No artigo 93 da normativa do PXOM recollese a previsión de desenvolvemento do PE-10R, "PLAN ESPECIAL DE ORDENACIÓN DE ACCESOS, INFRAESTRUTURAS, SERVICIOS FERROVIARIOS E ESTACIÓN INTERMODAL, E DE REFORMA INTERIOR, NA ESTACIÓN DE FERROCARRIL" para dar resposta, entre outros, aos seguintes obxectivos específicos:

- Reconectar os barrios do Ensanche e Pontepedriña a través da nova Estación Intermodal.
- Conectar os barrios situados ao noreste (Fontiñas-Sar-Trisca...) cos novos barrios situados ao suroeste (Pontepedriña-Cornes-Conxo-Choupana...) a través de novos percorridos urbanos que atravesan o ámbito, aproveitando a favorable topografía dos eixes este-oeste.
- Organizar o espazo considerando os modos de acceso preferente menos contaminantes. A forma de acceso preferente á estación será camiñando.
- Considerar a Rúa de Clara Campoamor como unha rúa urbana e configurala como parte esencial dos recorridos a pé entre zonas da cidade hoxe en día mal conectadas

Por outro lado, a rúa linda cara o sur coas Brañas do Sar, cuxo ámbito atopase regulado urbanísticamente polo Plan Especial de

Documento	Expediente	Fecha
CMG13I1J3		10-09-19 09:06

ordenación, mellora ambiental e acondicionamento das Brañas de Sar (PE-3R) (A.D. 31/03/2011; BOP 13/05/2011; DOG 24/06/2011)

4.5. Afeccións:

Non se observan afeccións de outras administracións.

4.6. Cumprimento da normativa de accesibilidade vixente:

O proxecto presentado xustifica o cumprimento das determinacións establecidas na:

- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia, e a citada Lei 8/1997
- Orden VIV/561/2010, de 1 febreiro, pola que se desenvolve o Documento Técnico de condicións de accesibilidade e non discriminación para o acceso e utilización dos espazos públicos urbanizados.

Quinto. INFORME DO ARQUITECTO MUNICIPAL XEFE DO SERVIZO DE PROXECTOS E OBRAS

Con data 3 de setembro de 2019 o arquitecto municipal, xefe do servizo de proxectos e obras informa o seguinte:

Valórase a continuación a proposta dende o punto de vista xeral do deseño urbano, trazado e tratamento dos espazos públicos proxectados. Para as cuestións específicas comprendidas no proxecto e competencia doutros departamentos municipais recollerase o contido dos seus informes sobre a idoneidade e/ou condicionantes e requisitos a cumprir.

No caso específico dos servizos urbanos, de non constar técnico municipal supervisor dun servizo, procederase á comprobación dos informes emitidos polas compañías concesionarias ou subministradoras do mesmo.

- Deseño urbano. trazado e tratamento

Tal e como se indicou anteriormente, considérase que se cumpren os criterios xerais de ordenación previstos no planeamento e

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1311J3		10-09-19 09:06

ordenanzas municipais.

- Cartografía

Departamento ou técnico responsable:	Sección de Cartografía e SIX
Empresa concesionaria/subministradora:	-
Competencias:	Cartografía utilizada e xerada/medios de presentación
Deberá presentarse plano de estado final trala execución das obras nas capas de cartografía do Concello e no sistema de coordenadas ETRS89. Esta condición deberá incluírse no prego de condicións para a contratación das obras ou da dirección facultativa.	

- Arqueoloxía

Departamento ou técnico responsable:	Arqueoloxía municipal
Empresa concesionaria/subministradora:	-
Competencias:	arqueoloxía
Non é preceptivo (derogación do art. 40 do PXOM na Mod. Puntual aprobada definitivamente con data de 08/04/2013)	

- Parques e xardíns

Departamento ou técnico responsable:	Parques e xardíns
Empresa concesionaria/subministradora:	-
Competencias:	Parques e xardíns, rego e mobiliario urbano
Informado favorablemente por correo electrónico de 20/02/2019, sinalando que non existen problemas substanciais no proxecto no que atinxe á xardineiría, simplemente precisións sobre algunhas variedades a utilizar ou detalles mais finos sobre o rego ou a dimensión dos alcouves en profundidade que poden ser solventados perfectamente no decurso das obras.	

- Tráfico/circulación

Departamento ou técnico responsable:	Servizo de Tráfico
Empresa concesionaria/subministradora:	-

Documento	Expediente	Fecha
CMG1311J3		10-09-19 09:06

Competencias:	Ordenación e sinalización vial, redes de tráfico
O departamento de trafico con data do 21/02/2019 emite o seguinte informe. ▪ A incorporación dos buses e taxis da parada proxectada (sentido Pontepedriña), antes da plataforma peonil, que fai un cruce co carril bici (do mesmo sentido) consideramos que debería realizarse de tal xeito que, a incorporación dos buses impida que poidan saír o mesmo tempo os ciclistas que transitan polo carril bici. Este servizo recomenda que se adopte algunha medida que faga efectiva o proposto e que non sexa unicamente sinalización horizontal e vertical senón que se implante algún sistema que impida a saída dos ciclistas o mesmo tempo que a dos buses e taxis. ▪ Deberase ter en conta, especialmente a situación do carril bus da rúa do Hórreo, xa que semella insuficiente para absorber o tráfico de buses que se supón que se xenerará coas novas medidas de tráfico derivadas da execución deste proxecto, máxime tendo en conta que actualmente o carril bus da rúa do Hórreo e zona de espera dos buses escolares fundamentalmente da Virxe da Cerca. ▪ Na xuntanza púxose de relevo a preocupación deste servizo polo xiro que teñen que levar a cabo os autobuses que acceden á rotonda de Bernardo Barreiro, dende a Avenida de Lugo, sentido norte. ▪ En derradeiro lugar, poñer de manifesto que este servizo, xa na xuntanza, fixo suxerencias concretas respecto da mellora da sinalización vertical, que foron aceptadas polo equipo redactor. No documento aportado con data 27/02/2019 téñense en consideracións as cuestións sinaladas e no seu caso incorporadas ao proxecto. No seu caso esta documentación aportase xunto cun informe no que se sinala: ▪ Punto 1: Dado que o espazo en planta, entre o carril bici e o vial de parada non permite a incorporación dun semáforo sen que xenere un obstáculo na circulación tanto de bicis como de buses ou taxis, e posto que as velocidades de circulación neste ámbito serán baixas, contéplase no proxecto o reforzo da sinalización neste punto, incorporando prioridades de circulación e obrigando a parada aos vehículos que acceden	

Dependencia CMG.- Asistencia á Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela 77.- TMARE		
Documento	Expediente	Fecha
CMG1311J3		10-09-19 09:06

dende o kiss and ride. Tamén se contempla cambiar a tonalidade do carril bici neste punto (a decidir en fase de obra) co fin de indicar aos ciclistas que se deben manter en alerta nestas zonas de cruce.

- Punto 2: Está fora do ámbito do proxecto.
- Punto 3: Incorpórase o presente escrito imaxe co barrido dun bus de 15 m de lonxitude e 2,55 m de ancho no xiro referido. A actuación propón eliminar o segundo carril de acceso á glorietta para aumentar o espazo de xiro cara Clara Campomaor facilitando esta manobra.
- Punto 4: Inclúese no proxecto estas suxerencias. Substitúese a sinal vertical P-20 dos pasos peonís, agás do cruce da praza, por sinal S-13, tal e como se indicou

No documento aportado con data 02/09/2019, en relación ao punto 1, debe indicarse que a modificación dispón o carril bici no lateral dereito, de tal forma que non existe cruce entre a incorporación dos buses e taxis da parada proxectada co carril bici.

- Recollida de lixo

Departamento ou técnico responsable:	Servizos comunitarios - lixo
Empresa concesionaria/subministradora:	URBASER
Competencias:	Recollida de lixo
Non foi emitido informe	

- Abastecemento de auga e saneamento

Departamento ou técnico responsable:	Non consta
Empresa concesionaria/subministradora:	VIAQUA
Competencias:	Redes abastecemento de auga e saneamento de augas pluviais e fecais
Incorpóranse ao proxecto as cuestións recollidas pola empresa concesionaria de abastecimento y saneamiento, Viaqua (Correo de data 12/02/2019) consistentes en:	
▪ Respecto do abastecemento conectala tubería na rotonda do sar coa tubería de FD500.	

Documento	Expediente	Fecha
CMG1311J3		10-09-19 09:06

- Respecto do saneamento na rotonda do Sar, a substitución da reixa de recollida de pluviais por unha de tipo barcina, que atravesase os dous carrís da rotonda.

- Enerxía eléctrica

Departamento ou técnico responsable:	Non consta
Empresa concesionaria/subministradora:	GAS NATURAL UNIÓN FENOSA
Competencias:	Redes alimentación e distribución enerxía eléctrica
O proxecto non recolle actuacións relativas a redes de alimentación e distribución de enerxía eléctrica.	

- Alumeado público

Departamento ou técnico responsable:	Alumeado Público
Empresa concesionaria/subministradora:	FERROVIAL SERVICIOS
Competencias:	Redes de alumeado público e servizos comúns
Consta informe favorable do técnico supervisor municipal (Correo de data 12/02/2019) requirindo valorar a posibilidade de incrementar os niveis de alumeado. No informe do equipo redactor xustifícanse os niveis de alumeado recollidos no proxecto que responden á normativa de aplicación.	

- Telecomunicacións

Departamento ou técnico responsable:	Non consta
Empresa concesionaria/subministradora:	TELEFÓNICA / R
Competencias:	Redes de telecomunicacións
O proxecto non recolle actuacións relativas a redes de telecomunicacións.	

- Gas

Departamento ou técnico responsable:	Non consta
Empresa concesionaria/subministradora:	GAS GALICIA
Competencias:	Redes de alimentación e

Documento	Expediente	Fecha
CMG1311J3		10-09-19 09:06

distribución de gas
O proxecto non recolle actuacións relativas a redes de gas.

CONCLUSIÓN

Á vista de canto antecede, infórmase favorablemente o proxecto presentado, co alcance indicado ao inicio do presente informe.

ORZAMENTO

O.E.M. (Orzamento de Execución Material)	1.086.092,74 €
O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.) (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)	1.292.450,36 €
O.B.L. + I.V.E. I.V.E.)	1.563.864,94 € (O.E.C. + 21%

PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución previsto é de 5 meses.

CLASIFICACIÓN DO CONTRATISTA

G-4-2

OBRA COMPLETA

O presente proxecto inclúe tódolos traballos que o converte en executable e utilizable, resultando susceptible de ser entregado ao uso xeral ou servizo correspondente, polo que considéranse obras completas no senso estipulado no artigo 13 do L 9/2017 de 8 de novembro da Lei de Contratos do Sector Público.

De conformidade co ata aquí establecido propónse:

APROBAR o proxecto modificado de reurbanización da rúa Clara Campoamor presentado por PROYFE en setembro de 2019.

O orzamento máximo de licitación é de 1.292.450,36 € + 271.414,57 € de IVE (21%) = 1.563.864,94 €.

O prazo de execución é de 5 meses.

A clasificación do contratista é G-4-2."

Informados/as os/as concelleiros/as, a Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela acorda por unanimidade dos seus membros presentes:

APROBAR o proxecto modificado de reurbanización da rúa Clara Campoamor presentado por PROYFE en setembro de 2019.

O orzamento máximo de licitación é de 1.292.450,36 € + 271.414,57 € de IVE (21%) = 1.563.864,94 €.

O prazo de execución é de 5 meses.

A clasificación do contratista é G-4-2.

O CONCELLEIRO SECRETARIO DA XUNTA DE GOBERNO DA CIDADE DE
SANTIAGO

Asdo: Gumersindo Guinarte Cabada

ANEXO II. Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 5 de outubro de 2017 relativo á aprobación da Fase I do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de autobús e pasarela peonil de conexión – incluso praza Clara Campoamor)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS
E VIVENDA
SECRETARÍA XERAL TÉCNICA
Compulsado co seu orixinal, e conforme

Santiago, 20 OUT. 2017



Asdo.: JOSE ANTONIO DOMINGUEZ
VARELA

ALFONSO RUEDA VALENZUELA, VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICO:

Que o Consello da Xunta na súa reunión do día cinco de outubro de dous mil dezasete adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

Aprobar a Fase I do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de autobús e pasarela peonil de conexión - incluso praza Clara Campoamor), como proxecto público de urxencia ou excepcional interese.

O acordo de aprobación deste proxecto público será inmediatamente executivo e habilitará para o inicio das obras correspondentes.

A aprobación do proxecto comporta ademais a declaración de utilidade pública e a necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados aos fins da expropiación ou da imposición de servidumes.

Ordenar ao Concello de Santiago de Compostela o inicio do procedemento de alteración da ordenación urbanística correspondente, conforme a tramitación establecida na Lei do solo de Galicia.

Declarar urxente a ocupación dos bens e dereitos afectados pola Fase I do proxecto integrado da nova estación intermodal de Santiago de Compostela (estación de autobús e pasarela peonil de conexión - incluso praza Clara Campoamor).

E para que conste asino a presente, co visto e praxe do Sr. Presidente, en Santiago de Compostela a cinco de outubro de dous mil dezasete.

Visto e Praxe:

O PRESIDENTE



ANEXO III. Acta de reinicio de obras da reurbanización da rúa de Clara Campoamor

**UNIÓN EUROPEA**Fondo Europeo
de Desenvolvemento Rexional**Unha maneira de facer Europa**XOB/485/2018
CON/48/2019**ACTA DE REINICIO DE OBRAS**

PROMOTOR:

CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

REURBANIZACIÓN DA RÚA CLARA CAMPOAMOR

ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN (21% IVE engadido):	1.563.864,94 €
ORZAMENTO DE ADXUDICACIÓN (21% IVE engadido):	1.397.782,48 €
BAIXA DE ADXUDICACIÓN (10,620000%):	166.082,46 €
CONTRATISTA	ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A.

Adjudicación Contrato Ejecución de Obras:

Acuerdo Xunta de Goberno da Cidade de Santiago de Compostela de 17/02/2020.

Contratista/s:

ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A A-81.638.108 AVDA. DE EUROPA, 18. PARQUE EMPRESARIAL LA MORALEJA 28108 ALCOBENDAS (MADRID)

Proyectista/s:

PROYFE S.L. (SILVIA PÉREZ GÓMEZ – INGENIERA DE CAMINOS, CANALES Y PUERTOS)

Dirección facultativa (nombre y titulación):

Director de obra: ANTONIO J. DURÁN MACIÑEIRA – INGENIERO DE CAMINOS, CANALES Y PUERTOS
 Coordinador de Seguridad y Salud: PABLO PAZOS GARCÍA (INGENIERO TÉCNICO INDUSTRIAL)

COMPARECEN

- D. DIEGO BRIEGA ARGOMANIZ interviene en nombre y representación, como Arquitecto Técnico Municipal de la entidad AYUNTAMIENTO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA promotora del edificio.
- D. ALEJANDRO CASIELLES RUBIERA interviene en nombre y representación, como DELEGADO de la entidad ACCIONA CONSTRUCCIÓN, S.A constructora de las obras reseñadas.
- D. ANTONIO J. DURÁN MACIÑEIRA., en su calidad de INGENIERO DE CAMINOS, CANALES Y PUERTOS Director de la Obra.
- D. PABLO PAZOS GARCÍA, en su calidad de INGENIERO TÉCNICO INDUSTRIAL Coordinador de Seguridad y Salud en fase de ejecución de la obra.

**UNIÓN EUROPEA**Fondo Europeo
de Desenvolvemento Rexional**Unha maneira de facer Europa**XOB/485/2018
CON/48/2019**MANIFIESTAN Y ACUERDAN**

1. Que, con fecha 20 de abril, se procederá por parte de todos los agentes comparecientes y que intervienen en este Acta, al REINICIO de la totalidad de la obra tras la paralización realizada a fecha 30/03/2020 por causa de fuerza mayor y en base a lo aprobado por el consejo de Ministros a fecha 29 de marzo de 2020, debido al riesgo de contagio y propagación del coronavirus COVID-19 por parte de los trabajadores y agentes que intervienen en la misma.
2. Se reactiva la obra con las medidas de Seguridad, Salud e Higiene establecidas con antelación y en base al actual estado de alarma.
3. Que la REANUDACION afecta inicialmente a la totalidad de los tajos y partidas o unidades de la obra.
4. Que la obra se reactiva en el punto de la paralización del pasado 30 de marzo de 2020, acta de replanteo firmada con fecha de 13 de marzo de 2020, no habiéndose llegado a iniciar los trabajos en la obra debido a las circunstancias y limitaciones provocadas por la propagación del coronavirus COVID-19
5. Que el Director de Obra y el Coordinador de Seguridad y Salud en fase de ejecución, de acuerdo con sus respectivas competencias, conjuntamente han facilitado, con anterioridad a este acto, al promotor y constructor, las Órdenes e Instrucciones Técnicas necesarias para la reactivación de la obra, de los trabajos y para establecer las medidas de seguridad que vienen recomendadas de los distintos organismos Estatales, Autonómicos, Municipales y Sanitarios.
6. Todas las instrucciones indicadas han sido conocidas y revisadas por los comparecientes y serán implantadas con anterioridad a la reanudación de las obras.
7. El Coordinador de Seguridad y Salud en fase de ejecución, dejará constancia de la reactivación de las obras en el Libro de Incidencias.
8. Se vigilará convenientemente por parte de todos los eslabones de la obra el cumplimiento de las medidas preestablecidas en cuanto a la situación de contención del COVID-19.

**UNIÓN EUROPEA**Fondo Europeo
de Desenvolvemento Rexional**Unha maneira de facer Europa**XOB/485/2018
CON/48/2019

9. La REANUDACIÓN se comunicará igualmente al Ayuntamiento, a los efectos de la suspensión del plazo establecido en la Licencia para la ejecución de las obras, según lo previsto en la Disposición Adicional Cuarta del Real Decreto 463/2020, de declaración del estado de alarma.

10. En lo sucesivo se tendrán en cuenta las recomendaciones y directrices dadas por los Organismos Estatales, Autonómicos, Municipales y Sanitarios, las cuales se irán actualizando a medida que las circunstancias lo exijan.

En prueba de conformidad, y previa su lectura y ratificación, firman los comparecientes, en SANTIAGO DE COMPOSTELA, el día 17 de abril de 2020.

EN REPRESENTACIÓN DO CONCELLO:

o Concelleiro Delegado de Centros Socioculturais, Barrios
e Obras

o Arquitecto Supervisor Municipal

Asdo.: Jose Javier Fernández Martínez

Asdo.: Diego Briega Argomaniz

DIRECCIÓN FACULTATIVA:

o Director de Obra

o Coord. de Seguridade e Saúde

Asdo.: Antonio J. Durán Maciñeira

Asdo.: Pablo Pazos García

EN REPRESENTACIÓN DO CONTRATISTA:

o Delegado do contratista

Asdo.: Alejandro Casielles Rubiera

PLANOS

